XUNTA DE GALICIA

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

MEMORIA 2024

XUNTA DE GALICIA

Galicia
Escena
PRO

Fixed-24.00 FPS
172.8
ND Clear
5000 EI
4400 +00
BAT 14.7 V
Look:s709
4K
17:9
SurV
2500
SDI1/2
LOG
SDI3/4
LOG
MON
s709
HDMI
s709
05:01:16:12
A026C001
Stby
X-OCN ST
AXS
94 min

AXENCIA
GALEGA
DAS
INDUSTRIAS
CULTURAIS

MEMORIA 2024

XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

REALIZACIÓN Axencia Galega das Industrias Culturais
DESEÑO GRÁFICO Fausto Deseño Asociados
FOTOGRAFÍAS Mónica Arcay, Nuno Cardoso,
Paula Cermeño, Rocío Cibes, Xoán Crespo,
Esteban Delaiglesia, Txus Garcia, Moncho Fuentes,
Emilija Jefrenova, Pablo Landín, Mario Llorca,
María Meseguer, Jaime Olmedo, Conchi Paz,
Pixelinphoto, Vanessa Rábade, Miguel Riopa,
Sabela Souto, TUNA_TNSJ, Damián Varela,
Rubén Vilanova, cesións externas e arquivo da
Axencia Galega das Industrias Culturais

Santiago de Compostela, 2025

Axencia Galega das Industrias Culturais
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude – Xunta de Galicia
Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel: + 34 881 996 078 / 077
agadic@xunta.gal | **https://industriasculturais.xunta.gal**

AGADIC

Axencia Galega das Industrias Culturais

MEMORIA 2024

XUNTA
DE GALICIA

É para min un enorme pracer presentarvos por primeira vez este libro-memoria da actividade da Axencia Galega das Industrias Culturais. Fágoo pouco máis dun ano despois de ter a honra de asumir, en abril de 2024, as competencias en cultura como conselleiro do ramo, e coa satisfacción de poder continuar co extraordinario labor iniciado polo meu predecesor, o agora conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez.

Tiven a fortuna, polo tanto, de atopar un sector das industrias culturais sólido e potente, creativo e dinámico, cun forte arraigo no territorio e cun horizonte infinito para seguir medrando para orgullo de todos nós.

Así, conscientes desta excelencia, en 2024 desde a Xunta quixemos recoñecer de xeito especial o audiovisual galego coa entrega das Medallas de Galicia, a maior distinción que outorga a Comunidade galega, ao actor Luís Tosar, á produtora Zaza Ceballos e á Academia Galega do Audiovisual. Sumamos así un novo agradecemento ao sector, xa que o ano anterior os artistas Juan Pardo, Luz Casal e Carlos Núñez foron merecentes dos galardóns como representantes do patrimonio musical galego.

É o noso xeito de demostrarlles aos nosos profesionais da cultura que valoramos as súas traxectorias e o seu labor, non só pola contribución a un sector estratéxico desde o punto de vista económico, senón tamén por ser embaixadores de Galicia no exterior e representarnos como pobo, coa nosa idiosincrasia e o noso idioma propio como principais trazos.

A intrínseca relación da cultura coa nosa identidade levounos, precisamente en 2024, a comezar os trámites para a declaración de Ben de Interese Cultural da música e o baile tradicionais galegos co obxectivo de proporcionarlle a máxima protección, acorde coa súa relevancia como patrimonio inmaterial.

Unha iniciativa que arrincaba a finais de ano ao tempo que outra importante medida vía por fin a luz, a entrada en vigor da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, pioneira en Europa e elaborada de xeito consensuado co sector.

A través dela queremos garantir o acceso á cultura de todas as persoas, eliminando as barreiras físicas, cognitivas, comunicativas, sociais ou territoriais. Trátase, en definitiva, de avanzar nunha senda xa iniciada con diversas accións enmarcadas nese compromiso por ofrecer un modelo cultural adaptado a todo tipo de públicos e que chegue a todo o territorio.

Esta aposta pola descentralización e a accesibilidade queda patente nas vindeiras páxinas, ao igual que se reflicte a ampla diversidade das industrias culturais, o enorme talento dos nosos profesionais e a férrea vontade institucional de contribuír ao seu desenvolvemento. Convidámosvos, un ano máis, á súa lectura para comprobalo.

José López Campos

CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

Unha vez máis, a través destas páxinas ofrecemos o percorrido anual pola intensa actividade desenvolvida co noso apoio polas industrias culturais galegas do audiovisual, a escena e a música. Como en cada exercicio, o ano 2024 supuxo a despedida dalgunhas medidas e a posta en marcha doutras novas, nunha aposta constante pola innovación e o deseño de accións que dean resposta á evolución e ás necesidades cambiantes do sector cultural. E isto facémolo sempre no marco do diálogo e o consenso cos diferentes colectivos representativos dos diferentes profesionais implicados na creación, a produción e a difusión como eixes fundamentais. ■

Así, no que se refire propiamente ás convocatorias de axudas, ao longo do ano lanzamos 18 liñas, a través das que adxudicamos preto de 10 millóns de euros a máis de 400 proxectos.

Mediante estas liñas, o audiovisual foi destinatario de case 7 millóns de euros para dar cobertura a todo o proceso: desde a escrita de guións, o impulso ao talento e os traballos de preprodución, ata a produción e rodaxe, pasando polo labor das salas de cinema e os festivais, e a promoción do noso cinema en foros de negocio e mostras internacionais. O total de proxectos beneficiarios ascendeu a 155.

No que se refire á escena, case un cento de proxectos se repartiron preto de 1,5 millóns de euros para o impulso á creación, á distribución e á difusión a través de festivais e de salas. Por outra banda, no eido musical outorgamos máis de medio millón de euros a 73 proxectos. Neste caso puxemos o foco na distribución e na difusión, tamén con axudas a festivais e salas como espazos fundamentais para a creación de público.

Os dous ámbitos beneficiáronse ademais dunha nova edición do programa *Cultura no Camiño,* que como cada verán percorreu Galicia cun amplo e diverso cartel de espectáculos musicais, teatrais e de danza.

De xeito transversal, volvémoslles facilitar aos espazos de exhibición audiovisual, escénica e musical a modernización e xestión sostible das infraestruturas, cun investimento de case medio millón de euros para preto de 20 proxectos.

Estas medidas súmanse ao apoio aos diferentes circuítos musicais e escénicos, algúns deles cofinanciados coas administracións locais, que supoñen un investimento de 2,8 millóns de euros, e aos convenios específicos de colaboración para diversas iniciativas de promoción e difusión, aos que destinamos máis dun millón de euros.

En canto a accións concretas, cómpre destacar a creación do fondo de atracción de rodaxes, continuando o labor canalizado a través do Hub Audiovisual e da Industria Cultural nesta mesma liña; o reforzo da actividade da nosa unidade teatral, o Centro Dramático Galego, con motivo do seu 40 aniversario, e a posta en marcha do Plan Estratéxico da Industria Musical, para establecer un diagnóstico certeiro da situación deste sector e deseñar medidas que respondan ás súas necesidades.

Máis aló do amplo abano de iniciativas de apoio impulsadas e que comprobaredes nas seguintes páxinas, seguimos reforzando a información e comunicación co sector e coa cidadanía. Así, se en 2023 estreabamos a web https://industriasculturais.xunta.gal, en 2024 lanzamos o boletín *Industrias Culturais,* que se envía cada xoves a máis de 450 persoas inscritas a través da páxina. A quen non o coñezades, convidámosvos a subscribirvos e achegarvos directamente cada semana á riqueza e á calidade do traballo das nosas industrias culturais, un extraordinario labor que tamén intentamos compilar, de xeito resumido, a través desta memoria.

AGADIC MEMORIA 2024

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) iniciou a súa traxectoria en 2008 como axencia pública autonómica adscrita á consellería da Xunta de Galicia con competencias en materia de cultura. De acordo coa súa Lei de creación (4/2008, do 23 de maio) e co seu Estatuto (Decreto 150/2012, do 12 de xullo, modificado polo Decreto 53/2021, do 18 de marzo), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais desenvolvidas por creadoras e creadores individuais e por empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras. Neste sentido, leva a cabo diferentes liñas de traballo encamiñadas a dotar de maior estabilidade o sector, optimizar a xestión empresarial nos procesos de produción e distribución, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior da cultura galega.

Destacan entre estes eixos de actuación, as convocatorias anuais de subvencións ás industrias culturais, a xestión de circuítos estables de exhibición de espectáculos e as iniciativas de difusión da cultura galega fóra das nosas fronteiras, sen esquecer o labor de produción, programación e formación continua que leva a cabo a través do Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego e Filmoteca de Galicia.

Axencia Galega das Industrias Culturais

CONSELLO REITOR

Presidente
José López Campos
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia

Vogais
Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Elvira María Casal García
Secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

José María Barreiro Díaz
Director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) da Consellería de Economía e Industria

ORGANIGRAMA

DIRECCIÓN
Jacobo Sutil Nesta

COORDINACIÓN XERAL E XERENCIA
María Á. Antón Vilasánchez

DEPARTAMENTO DE XESTIÓN
María José Felípez Regueira

DEPARTAMENTO DE FOMENTO E PROMOCIÓN DE POLÍTICAS CULTURAIS
María Teresa de Arcos Rey

DEPARTAMENTO DE POLÍTICA AUDIOVISUAL
María Dolores Meijomín Rodríguez

DEPARTAMENTO DE PRODUCIÓN TEATRAL
Francisco Javier Núñez Alonso

DEPARTAMENTO DE MÚSICA E DANZA
María del Pilar Portela Vázquez

Sumario

19

1 | Audiovisual

- Apoio á creación
- Apoio á difusión
- Formación e divulgación
- Atracción de rodaxes
- Outras accións

47

2 | Escena

- Apoio á creación
- Apoio á difusión
- Formación e innovación
- Outras accións de dinamización
- Producións e coproducións de espectáculos
- 40º aniversario do Centro Dramático Galego

75

3 | Música

- Apoio á produción
- Apoio á difusión e distribución
  - FESTIVAIS
  - SALAS DE CONCERTOS
  - OUTROS CIRCUÍTOS DE DIFUSIÓN
- Formación e innovación
- Plan Estratéxico da Industria Musical
- Outras accións de internacionalización e promoción
  - GALICIAN TUNES

97

4 | Accións transversais

- Culturgal
- Apoio a infraestruturas de artes escénicas e musicais

105

5 | Anexos

- 1. Liñas de subvención
- 2. Convenios
- 3. Programación de espectáculos
- 4. Centro Dramático Galego: 40º aniversario

1 | AUDIOVISUAL

CARPIN

XUNTA DE GALICIA

ROLO
#015
SECUENCIA
01.5
TOMA
As Liñas Descontinuas
ANXOS FAZÁNS
sétima
DIR. SANDRA ROCA
40mm
NO 0.3

Tras o extraordinario apoio que supuxeron as diferentes medidas canalizadas a través do Hub Audiovisual e da Industria Cultural Galega no período 2021-2023, neste exercicio seguimos impulsando o noso audiovisual con liñas de axudas xa habituais que viron reforzado o orzamento, pero tamén con novas convocatorias. ■ Entre elas destacan as dedicadas á creación e, especialmente, o novo fondo para a atracción de rodaxes, co que precisamente queremos prolongar o positivo impacto que tivo a iniciativa xerada anteriormente con este mesmo fin no marco do Hub. Buscamos así consolidar Galicia como un grande escenario cinematográfico e televisivo, contribuíndo tanto á xeración de emprego no sector audiovisual galego como ás oportunidades de negocio e proxección turística das contornas que acollen as gravacións. ■ A difusión volveu ser outro dos eixes de acción, co apoio a festivais, ás salas e á internacionalización, co obxectivo de facilitar o achegamento do público ao noso cinema e de dar a coñecer a excelencia dos seus profesionais noutros territorios.

1.1 Apoio á creación

A nosa principal liña de investimento directo no sector, as **axudas para produción e coprodución,** volveu ampliar a dotación inicial de 2,5 millóns de euros en fondos propios a 3 millóns, xa que, igual que sucedera en 2023, á contía inicialmente disposta sumáronse 500.000 euros procedentes do Ministerio de Cultura a través do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA).Tanto polo investimento total que mobiliza como polo seu alcance en número de proxectos, esta é a principal medida de apoio ao sector. Está dirixida especificamente a produtoras audiovisuais independentes para catro categorías e 13 submodalidades de proxectos, segundo os traballos sexan longametraxes cinematográficas de ficción, documentais ou de animación, longas en coprodución internacional con participación minoritaria española, curtametraxes, ou películas e series para seren emitidas por televisión ou plataformas.

A ampla variedade de propostas que poden optar a este financiamento permite manter un equilibrio para resultar accesible a todas as empresas que acrediten un ano de antigüidade na actividade, dándolles cabida tanto a propostas máis ambiciosas respecto ao seu deseño de produción e orzamento como a outras máis modestas economicamente, pero de grande interese artístico e cultural.

Os traballos apoiados mediante esta vía están moi relacionados co territorio en canto ás localizacións de rodaxe, os estudos ou os profesionais creativos, técnicos e artísticos implicados, ademais de contar cunha elevada calidade nos contidos e potencial de circulación a nivel estatal e internacional.

Así, neste ano chegaron ás pantallas longametraxes, curtas e series de éxito, que acadaron financiamento por esta liña, tales como *+Cuñados, Honeymoon*, *Tratamos demasiado bien a las mujeres, As Neves*, *Filmei paxaros voando*, *Xustiza artificial*, *La Parra*, *Platónico, Platónica*, *Pura*, *Véxote*, *Salvaxe, salvaxe*, *Una historia de crímenes* ou *Bibopalula*, entre outros moitos títulos.

Dos 21 proxectos subvencionados en 2024, son 11 os que corresponden á modalidade para longametraxes cinematográficas, dous á de longas en coprodución internacional con participación minoritaria española, seis á de curtametraxes e dúas á de series de televisión e/ou plataforma de vídeo baixo demanda. Ademais, a metade deles viñan avalados pola concesión en anos anteriores de axudas para a escritura do guión e para o desenvolvemento previo das tarefas de preprodución a través das nosas correspondentes convocatorias.

Á vista das adxudicacións, confirmouse a tendencia crecente no que respecta á versión orixinal galega, que desta volta deu en 15 do total de 21 producións beneficiarias, así como no número de propostas de autoría feminina con directoras e/ou guionistas como Ángela Andrada, Carla Andrade, Silvia Cachafeiro, Madi Canals, Berta Dávila, Araceli Gonda, Lucía Estévez, Giselle Llanio, Giovanna Lopalco, Irene Pin, Ledicia Sola, Alicia Úbeda, Lidia Veiga ou Paloma Zapata.

Na categoría de longametraxes, oito dos proxectos recibiron apoio na submodalidade de ficción con axudas que se sitúan maioritariamente entre os 260.000 e os 280.000 euros. Atópanse nesta listaxe

Unha cornetada para Lucrecia, de Portocabo TV, con dirección de Jorge Coira; o debut no formato longo de Lucía Estévez con *As defensas*, de Cósmica Producións, ou Alfonso Zarauza con *Islandia*, presentado por Matriuska Producciones e coescrito con Ledicia Sola. Outras produtoras subvencionadas son Zeitun Films para *Alumbre*, do director Alejandro Telémaco Tarraf; Tamboura Films para *Mil ourelas*, de Sebastián Uría; Serea Producións para *Só o ruído pode salvarnos*, de Santos Díaz; Aurora Audiovisual AIE para *Leo & Lou*, de Carlos Solano, e Adeus Berta AIE para *Adeus Berta*, con dirección de Fernando Tato.

No apartado de longas documentais, as tres subvencionadas con 80.000 euros cada unha son *Golpear a un coloso*, de Recrea Films e dirección de Marcos Nine, *A montaña na miña parede*, de Filmika Galaica con Carla Andrade, e *Juliette & Camille*, de Indígena Films, con guión e dirección de Paloma Zapata.

En canto á modalidade de coproducións internacionais con participación minoritaria española, contribuímos con 50.000 euros á realización doutro documental de Filmika Galaika, *Bandeirantes*, e con 150.000 euros á longa de animación *Chocó e a selva máxica*, encabezada por Brasil e Portugal coa implicación da compañía galega Abano Producións.

Pola súa banda *Lume,* serie galego-portuguesa presentada por Setemedia, contou con 260.000 euros na categoría de proxectos de televisión e plataformas, na que tamén conseguiu unha axuda de 240.000 euros *Pensión incompleta*, de Voz Audiovisual, proxecto pioneiro para filmarse en Galicia, Cataluña e País Vasco coa participación das tres televisións autonómicas e a plataforma Amazon.

Finalmente, cofinanciáronse con 15.000 euros en cada caso seis curtametraxes: as de ficción *As maos da pulpeira* (Matriuska Producciones), de Silvia Cachafeiro; *Souvenir* (Frida Films), de Madi Canals, e *Garabato* (Cristela Torres Nine), de Alicia Úbeda; as de animación *Cumi* (Gaitafilmes), de David Fidalgo, e *O lauro* (Acarino Films), de Giovanna Lopalco, e o documental *Escala 1:50.000* (Rebordelos), de Ángel Suances.

O **impulso á fase de preprodución** de filmes e series para cine e televisión cara á súa rodaxe en anos posteriores incrementou o orzamento ata os 440.000 euros a través das subvencións anuais ao desenvolvemento de proxectos. Resultaron beneficiarios 19 novos proxectos de cinema e televisión de 16 produtoras galegas, entre os que se atopan 11 longametraxes de ficción, unha de animación, tres documentais e catro series.

As contías concedidas destínanse a tarefas anteriores á rodaxe dos títulos subvencionados como a escrita do guión, financiamento, venda e distribución, xestión de dereitos, investigación ou elaboración de materiais promocionais, entre outras.

Financiadas pola Xunta e o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, estas subvencións ao desenvolvemento de proxectos estrutúranse en diferentes modalidades. Na categoría para futuras longametraxes cinematográficas de ficción, as propostas apoiadas na convocatoria de 2024 foron *A raíz*, de Miramemira; *Síbaris*, de Treboamedia; *Detrás de la luz* e *Vin a noite que nunca remata*, de Filmika Galaika; *Salvaje*, de Esnatu Zinema; *Karbo CF*, de Cósmica Producións; *A morte nos teus ollos*, de

Sétima; *Segundones. Un show que nadieVi(g)o venir*, de Ficción Producciones; *Sombra que cae*, de Zeitun Films; *Os reis imaxinarios*, de Cristela Torres Nine, e *Cinzas*, de Ollo Vivo.

Floreano, de Ensenada de Ézaro Films, foi o proxecto seleccionado na modalidade de longas de animación, mentres que *Mulleres en rede*, de Undodez Producións, *Lebrescura*, de Rebordelos, e *A memoria da auga*, de Abano Producións, resultaron beneficiarios na categoría para longametraxes de cine documental.

En canto á modalidade para series tanto de ficción como de animación, recibiron axuda *Pipo*, de Undodez Producións; *Enoki e Snip*, de Artyc Content; *Nexo*, de Voz Audiovisual, e *Liros*, de Ficción Producciones.

Para a concesión destas subvencións avalíanse aspectos referidos á promoción do novo talento e da igualdade no ámbito da creación galega, a autoría novel, a solvencia da produtora ou o impacto do proxecto no sector audiovisual galego. Tamén se teñen en conta a orixinalidade da proposta, a súa calidade e a traxectoria do equipo proposto.

A liña de **axudas á creación audiovisual para a promoción do talento galego** contou cun orzamento de 176.000 euros. Estas subvencións pioneiras no seu eido dentro do panorama español buscan favorecer a incorporación da nova creación ao sector profesional coa finalidade de promover a xeración de propostas narrativas de especial valor cinematográfico e de contribuír ao enriquecemento cultural de Galicia mediante as distintas formas de expresión audiovisual, ao tempo que se facilita a súa función como instrumento para a normalización lingüística.

Os 120.000 euros da modalidade de longametraxes de dirección novel distribuíronse entre *Proto*, de Acarino Films, SL; *Sós*, de Omen; e *Xuño en xullo. Retablo dos traballos e os días,* de Francisco Javier Codesal Pérez.

Con esta liña de axudas apoiamos tamén os novos proxectos de cineastas que están desenvolvendo curtametraxes, unha categoría na que resultaron escollidas seis propostas e ás que se lles adxudicaron 48.000 euros, aumentando en 12.000 euros a dotación con respecto á convocatoria anterior. Este incremento supuxo a suba desde 6.000 a 8.000 euros.

Os títulos que recibiron a axuda están asinados por Claudia Brenlla López, con *Antes de antes*; Paula Pereira González con *Algo novo que contar*; Raquel Álvarez Méndez, autora de *A misteriosa desaparición de Ángel e Raquel*; Pablo Aguilar Martín como responsable de *Niño monaguillo e os seus pecados;* Santiago Pereira Lorenzo con *Traslatio*; e Iria Silvosa Pereira con *A Pena*.

Por último, na categoría de curtametraxes en construción, as obras seleccionadas foron as presentadas por Danga Danga Audiovisuais, con *Mounir,* e Cristela Torres Nine, con *Canción 37.*

A nova liña de apoio á creación lanzada a finais de 2023 con financiamento do ICAA resolveuse este ano. Trátase da convocatoria específica de **axudas dirixidas á escrita de guións** de ficción e animación orixinais ou a partir de obras literarias xa existentes, que teñan como destino a produción de longametraxes cinematográficas ou series para televisión. Dotada con 270.000 euros, a través dela apoiamos 30 proxectos.

Na modalidade de autoría novel, destinada a persoas que están a iniciar a súa traxectoria profesional no ámbito da escrita audiovisual, concedemos 70.000 euros repartidos entre 10 proxectos. Trátase de *A cinco segundos*, de Ana Pico García; *Viaxe ao bosque esquecido*, de Noelia Muíño González; *Damero maldito*, de Clara Coira Suárez; *Anatomía dunha onda*, de Pedro Díaz López; *Cando prende a cacharela*, de José Carlos Illanes Puente; *O lobo nunca pide perdón*, de Miguel Conde Lobato; *Chorima*, de Alicia Úbeda Suárez; *Candorca*, de Heber Fernández Pérez; *El capitán*, de Álvaro Pinell Pacha; e *Delgada ou morta*, de María Barro Guntín.

No referente á modalidade de autoría non novel, dirixida a guionistas profesionais con experiencia acreditada na escrita para longametraxes ou series, a contía de 200.000 euros distribuíuse de xeito igualitario entre 20 proxectos.

Os títulos subvencionados foron *La historia entre tus piernas*, de Raquel Nogueira Basalo; *Monstros*, de Nano López Moure; *Guerra fría*, de Enrique Otero; *Los estudios*, de Alba Araújo Pinto; *Piso 13*, de Roberto González Méndez; *Toda miña, a saudade,* de Alfonso de la Puente Vaquero; *Febre*, de Héctor Carré; *Normal*, de Lidia Fraga; *Pendiente de un hilo*, de Pedro Corredoira; *A nena que quería ser Fred Astaire*, de Olga Osorio; *Happy Funerals*, de Fon Cortizo Vázquez; *A7*, de Santiago González Iglesias; *Amparo, pero non Olvido*, de Luis Miles; *As almas perdidas*, de Alexandre Cancelo Parcero; *O mozo do peito ferido,* de Carlos Piñeiro; *Non corta o mar, senón voa,* de Xacio Baño; *La caja*, de Xosé Morais; *Corre comigo*, de Chelo Loureiro; *Cocho*, de Jacobo García Fernández; e *Frank Soutelo, investigador privado*, de Chema Gagino.

O obxectivo é contribuír ao avance do audiovisual galego a partir dun investimento na base do sector, que está, en gran medida, na fase inicial de guión. Búscase así dar pulo a novos talentos e consolidar o apoio aos que xa teñen experiencia na escrita, ao tempo que se afianzan as fases previas dos proxectos cara ao desenvolvemento e produción de novos títulos que continúen na senda de éxitos e recoñecementos do audiovisual galego.

De xeito extraordinario, en 2024 incorporamos ao conxunto de liñas de apoio as subvencións para **laboratorios, incubadoras e residencias de proxectos audiovisuais**, coa que concedemos máis de 173.000 euros a cinco entidades para a organización destas actividades. Trátase de contribuír á xestación e mellora de novas propostas para garantir a calidade e a solidez necesarias no seu camiño á fase de produción e, xa que logo, a súa viabilidade artística, técnica e financeira.

Os cinco proxectos apoiados contan cunha sólida traxectoria e articúlanse como propostas innovadoras para darlles resposta ás necesidades do sector e dos seus profesionais como un dos requisitos incluídos nas bases.

Unha destas iniciativas é a plataforma internacional Ventura que, desenvolvida pola Asociación Cultural Enfoques e vinculada ao festival Play-Doc de Tui, se dirixe a cineastas e produtoras que centran o seu labor na realización de películas independentes cunha forte visión artística.

As subvencións apoiaron tamén o labor que levan a cabo neste eido dous festivais coruñeses: a (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico para a súa incubadora eSe8 LAB, a través da que organiza xornadas de titorización e asesoramento, residencias artísticas e unha aula de formación, e o Intersección Festival Internacional de Cine para o Intersección Lab, onde profesionais galegos da dirección, o guión e a produción con residencia contan cun espazo de apoio á creación, de asesoramento e mentorías.

Dentro das entidades sectoriais, recibiron subvención a Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización CREA para o Conecta Lab e as súas actividades de acompañamento no proceso de creación, escritura e desenvolvemento de longametraxes e series; e a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi) para o Agapi Impulsa Copros, un programa gratuíto de asesoría personalizada para creadores e creadoras menores de 30 anos que queiran mellorar e orientar no seu financiamento proxectos de coprodución para cinema e televisión.

1.2 Apoio á difusión

Ao igual que no ano anterior, en 2024 lanzamos unha liña de apoio á difusión específica para **salas de cinema**. Dotada con 380.000 euros, con ela contribuímos á actividade de seis empresas e sete espazos de exhibición cinematográfica, que puideron deste xeito facilitar a súa adaptación aos novos hábitos no consumo audiovisual asociados ao crecemento das plataformas dixitais. Os destinatarios destas axudas foron os Cines Avenida de Caldas de Reis, Minicines Central da Estrada, Duplex Cinema de Ferrol, Codex Cinema de Lugo, Multicines Compostela e Numax de Santiago de Compostela, e Multicines Norte de Vigo, que programan filmes de forma estable nun total de 20 pantallas e suman máis de 2.500 butacas.

Trátase da cuarta convocatoria anual consecutiva desta liña de apoio, coa que incentivamos especificamente a programación de cine galego e de películas europeas ou doutros países con baixa representación na cota de pantalla, así como campañas para a atracción de públicos e o establecemento de prezos especiais para a infancia, a xuventude e as persoas maiores.

A través desta vía, incidimos en tres eixes de acción: dixitalización e aplicación das novas tecnoloxías, adopción de medidas de desenvolvemento sostible e impacto ambiental positivo; iniciativas destinadas á fidelización e captación de públicos e á configuración dunha programación diversa e inclusiva.

Faise fincapé, por exemplo, na inclusión e no reto demográfico á hora de chegar a novas audiencias e a colectivos específicos, así como na diversidade da oferta cinematográfica tamén en canto a xéneros e formatos ou á programación de obras de dirección feminina ou de dirección novel.

Estas subvencións contan co financiamento dos fondos Next Generation EU e Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e entroncan nos seus obxectivos co eixe do Plan Xeración Cultura destinado á innovación, dixitalización e modernización, que terá o seu impulso normativo coas novas leis de cultura inclusiva e de cultura dixital.

Tamén seguimos reforzando a colaboración cos **festivais galegos do sector audiovisual** coa liña de axudas específica, cuxa dotación volveu medrar en 2024, ata os 300.000 euros. A suba súmase ás rexistradas desde a súa posta en marcha, en 2015, como recoñecemento do papel esencial que xogan dentro do sistema audiovisual galego e a prol da dinamización cultural, económica e turística das respectivas contornas. Os 10 certames galegos beneficiados repiten como adxudicatarios desta liña de apoio anual para contribuír á organización con carácter profesional de mostras que son consideradas estratéxicas para o sector.

Sete asociacións culturais, dúas entidades locais e unha empresa de produción audiovisual promoven os diferentes eventos, xa consolidados tanto en Galicia como a nivel estatal pola súa especialización en diversos xéneros e formatos.

19º MICE. Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (20-26 de marzo). Impulsada polo Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela, exhibiu 67 filmes de diversas nacionalidades, con especial visibilidade para o traballo de realizadoras e directoras. O foco centrouse na ollada do cinema etnográfico sobre o político, os rituais, o seu poder simbólico ou os espazos nos que se tecen as súas prácticas, relacións e significacións.

Festival Carballo Interplay 2024 (4-7 de abril). A cita de referencia en contidos dixitais exhibiu na súa sección oficial 20 webseries de 11 países, ademais de volver congregar referentes da cultura dixital na Zona Pro. Como novidade, creou un novo premio para proxectos difundidos en Instagram, TikTok ou Youtube.

20º Play-Doc Festival Internacional de Documentais de Tui (1-5 de maio). Evento de referencia na difusión do xénero documental a nivel estatal, o seu programa incluíu 13 títulos na sección competitiva galega e sumou un novo apartado, dedicado ao cinema histórico de cineastas galegos con fondos da Filmoteca de Galicia, ademais doutras propostas.

21º Festival de Cans de Curtametraxes (21-25 de maio). Organizado pola Asociación Cultural Arela na aldea do Porriño da que toma o nome, da súa ampla programación cinematográfica e musical cómpre destacar 30 estreas, a presenza de David Trueba, a homenaxe a Kepa Junquera ou a entrega do Pedigree de Honra á actriz María Vázquez.

(S8) XV Mostra Internacional de Cinema Periférico (31 de maio-9 de xuño). Organizada pola ESE8 en diferentes localizacións da cidade da Coruña, reafirmouse como referente internacional do cine de vangarda coa proxección de máis de 130 filmes. A programación centrouse na potencia creativa das mulleres cineastas e a creación galega emerxente estivo tamén representada na sección *Sinais*.

Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu (6-21 de setembro). Nesta décimo sétima edición proxectáronse 29 películas na sección oficial, con numerosas estreas, e no apartado *Descubertas* outras seis, europeas e vangardistas. O seu cartel completouse con diferentes actividades divulgativas, como as III Xornadas Cinematográficas, e MiniFIC, con obradoiros para público infantil e xuvenil e proxeccións para público familiar e centros de ensino.

Galician Freaky Film Festival 8Edition (20-28 de setembro). Na sección oficial do festival celebrado en Vigo puideron verse 60 curtas de 29 países. Nesta edición homenaxeáronse dous clásicos como *Terminator* e *Pesadelo en Elm Street*, polo seu 40 aniversario, así como o galego *Toxic Percebe*, coincidindo cos 20 anos da súa estrea. Entre as actividades paralelas figuraron o *Pequefreak*, obradoiros, presentacións e un encontro de festivais de temática similar.

21º Festival Internacional de Cine Curtocircuíto (1-6 de outubro). Desenvolvido en Santiago de Compostela e dedicado nesta edición ás profundidades oceánicas, ofreceu máis de 40 filmes procedentes de 16 países, ademais dunha ampla programación paralela que se estendeu ao pensamento e ás artes sonoras e visuais máis vangardistas.

Intersección-Festival de Arte Audiovisual (22-26 de outubro). Diferentes espazos da Coruña acolleron a sétima edición deste evento referente do cine de vangarda, no que se proxectaron máis de 40 títulos nas tres sección a concurso, 21 na internacional, 19 na dedicada a Galicia e cinco en Escolas. As iniciativas formativas e divulgativas *Nexus* e *Intersección Lab* foron outras propostas, xunto coa nova sección *Clásicos Modernos*, retrospectivas e obradoiros.

Novos Cinemas-Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Ed 09 (10-15 de decembro). Exhibiu 39 películas nas seccións competitivas, nas que, ás habituais *Oficial* e *Latexos*, se sumou *Ceres,* dedicada aos centros de ensino e formación cinematográfica e audiovisual de España e Portugal. Reforzou tamén a súa vertente formativa a través dos laboratorios de primeira longametraxe, os encontros con profesionais do audiovisual e os distintos talleres.

A nosa colaboración cos eventos audiovisuais en Galicia estendeuse un ano máis ao **Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF)** a través dun convenio coa Fundación Carlos Velo, entidade organizadora co apoio da Deputación de Ourense. A 29ª edición celebrouse entre o 27 de setembro e o 6 de outubro coa proxección de 60 películas e numerosas actividades paralelas, como encontros profesionais, rutas pola provincia para coñecer lugares onde se rodaron coñecidos filmes, encontros literarios, certames e música. Un ano máis, destacou a súa aposta pola creación e a industria audiovisual galega, con seccións específicas como *Panorama Galicia*, con 10 títulos en competición entre os que o documental é o formato predominante, e *OUFF Lab*, dedicada á presentación de sete novos proxectos do noso audiovisual.

Contribuímos coa segunda edición do **Festival Internacional de Animación Imaxinaria,** celebrado do 6 ao 16 de marzo da man de Afundación. O seu obxectivo é dar a coñecer traballos deste xénero menos comerciais e ser punto de encontro do sector. Contou cunha sección oficial con 44 curtas e un programa paralelo composto por diferentes áreas temáticas, charlas, longametraxes e retrospectivas.

Outra das mostras que contou co noso apoio foi ***Líbano en 8 mm,*** celebrada do 25 ao 28 de novembro en Santiago de Compostela cunha selección de catro longametraxes que abordan, a través da ficción e do documental, a situación social e de conflito bélico no sur do país asiático. A iniciativa organizada pola Fundación Araguaney-Puente de Culturas naceu como actividade asociada á Semana de Cine Euroárabe AMAL, coa que se quere expoñer a realidade actual de Oriente Próximo a través do audiovisual. O cartel ofreceu tres obras de ficción: *1982*, de Oualid Mouaness; *Costa Brava, Lebanon*, de Mounia Aki; e *Capharnaün*, de Nadine Labaki, e o documental *Dancing on the Edge of a Volcano*, de Cyril Aris.

Xunto coas colaboracións con salas e diversas entidades, un dos nosos alicerces a prol da difusión audiovisual témolo desde 1991 na **Filmoteca de Galicia** grazas á súa ampla programación de proxeccións na sala bautizada como José Sellier en homenaxe a este pioneiro do cine en Galicia. Este labor complétase coa función de arquivo, de conservación do noso patrimonio audiovisual, de difusión da creación cinematográfica e de posta en valor da produción galega.

Cómpre destacar que a finais de ano, o experto en cinema e audiovisual Jaime Pena foi nomeado novo director da Filmoteca. Licenciado en Xeografía e Historia e doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, viña ocupando o posto de programador da Filmoteca de Galicia (e desde 1992 no Centro Galego de Artes da Imaxe, a súa antiga denominación). Alí desenvolveu labores de coordinación da programación anual cinematográfica, así como actividades formativas e publicacións.

É tamén profesor en diferentes másteres e membro do Comité de Redacción e colaborador regular da revista especializada *Cahiersdu Cinema* (2007-2012) e da súa continuadora, *Caimán Cuadernos de Cine* (desde 2013). Na súa ampla traxectoria profesional, ten participado en traballos de investigación no Departamento de Historia do Cine-Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, ademais de no comité organizador de diversos encontros relacionados co cine. Exerceu como asesor internacional de programación no Buenos Aires Festival Internacional de Cine Independiente (Bafici), ten colaborado en diferentes publicacións especializadas e asinado numerosos libros como autor, entre outras actividades.

No que se refire á carteleira da Filmoteca, 2024 abriuse cunha retrospectiva do director nipón Masahiro Shinoda e un especial sobre o realizador alemán Win Wenders. Ademais, arrincou a nova sección *Materiais para unha historia do cinema en Galicia*, co obxectivo de darlle maior visibilidade ao patrimonio que se conserva no arquivo na cinemateca.

En febreiro tivemos a honra de recibir a visita de Aki Kaurismäki para un encontro co público tras a proxección do seu filme *Fallen Leaves* no marco da retrospectiva que se lle dedicou ata abril.

Como vén sendo habitual, en marzo conmemorouse o Día da Muller co regreso do ciclo *Olladas de muller*, organizado en colaboración co Consello da Cultura Galega. Ofrecéronse 15 traballos de 12 directoras e contouse coa presenza de Jaione Camborda, galardoada en San Sebastián con *O corno*. A finais do mes comezou unha sección dedicada á estadounidense Su Friedrich.

Na programación de abril destacou a conmemoración dos 50 anos da Revolución dos Caraveis en colaboración coa Cinemateca Portuguesa. José Ernesto Díaz-Noriega, figura esencial do ameteurismo español e do cinema galego dos anos 60 e 70 foi outro protagonista deste mes, no que tamén houbo presentacións dos libros *Hot España* e *Clásicos del cine jurídico*.

As citas destacadas de maio foron a retrospectiva sobre o xaponés Yasujirō Ozu e a visita do catalán José Luis Guerin. Tamén arrincou o ciclo *Daniel Domínguez no cine*, como homenaxe ao profesor de cine e guionista galego, ademais de exhibirse varios traballos do francés Jacques Rivette e a súa musa Bulle Ogier, entre outros filmes.

Xuño dedicouse a Leon Hirszman, cun ciclo organizado en colaboración co festival Play-Doc de Tui, e á exhibición de parte do programa da (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico. Así mesmo, ofreceuse o ciclo *Diversimacine*, enmarcado no Festival DiversidArte organizado polo colectivo Poten100mos. Neste mes tivo lugar a sesión de clausura do programa didáctico *Cinema en curso* coa estrea das tres películas documentais filmadas polo alumnado participante.

A nova temporada 2024-2025 comezou en setembro cos traballos máis recentes de César Souto, Simón Casal e Jorge Algora. Volveu a ser protagonista o realizador xaponés Yasujirô Ozu, con outras sete películas súas, e arrincou unha ampla retrospectiva dedicada á directora francesa Agnès Varda, entre outras citas.

En outubro inauguramos o ciclo *Close-Up: Cine e perspectiva de xénero*, centrado en afondar na situación do cinema feito por mulleres e reflexionar sobre a renovación da representación delas na pantalla, comezou a retrospectiva dedicada a Tsai Ming-liang e recuperamos a de Stan Brakhage. En colaboración con outras cinematecas e, grazas á restauración feita por Filmoteca Española, o 5 de outubro celebramos o Día do Cine Español coa versión completa sen censura de *Los Golfos*, de Carlos Saura. A maiores, colaboramos cos festivais Intersección e Animacción.

Xa en novembro acollemos unha programación especial dedicada á documentalista xaponesa Sumiko Haneda. Tamén recibimos a visita de Fernando Méndez-Leite, presidente da Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España, para a presentación do libro *Escuela de cineastas. Las primeras prácticas de los grandes directores del cine español* xunto aos seus autores, Asier Aranzubía e José Luis Castro de Paz. Outra visita destacada foi a de Pilar Palomero, quen protagonizou un encontro co público a propósito da proxección de *Los destellos*, o seu último filme, no marco do ciclo *Close-Up* de cinema e perspectiva de xénero. Nas últimas semanas do mes, a Filmoteca colaborou co Cormorán Film Fest como unha das sedes deste festival de cine de autor.

Despedimos o ano cunha nova visita enmarcada no ciclo *Close-Up. Cine e perspectiva de xénero*, neste caso con Carla Simón con motivo da proxección da súa película *Alcarrás*. A programación para estas últimas semanas do ano completouse coas olladas de Jacques Demy, Hong Sang-soo e Kelly Reichardt na sección *Fóra de serie*, as pezas finalistas do XIV Certame de Curtas AS-PG e os traballos filmados polo

colectivo Equipo 64 nos anos 60, que se recuperan dentro dunha nova entrega de *Materiais para unha historia do cine en Galicia*.

Sinalar que ao longo do ano se mantiveron as habituais seccións *Filmoteca Jr*, *Off Galicia*, *Fóra de serie* e *Desencadres*. Segundo o balance global de 2024, a sala José Sellier ofreceu 323 sesións de 243 programas diferentes en 187 xornadas abertas ao público.

Xunto ás sesións realizadas na sede da Coruña, a Filmoteca de Galicia conta cunha **programación estendida** a través da colaboración cos cineclubs Valle-Inclán de Lugo, Padre Feijoo de Ourense, Pontevedra e Lumière de Vigo. En 2024, e grazas ao convenio asinado coa Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga), esta carteleira estendeuse aos espazos de Cangas, O Carballiño e Vilagarcía de Arousa. A través desta canle, estes locais exhibiron unha escolma de 83 títulos con cadanseu pase único. O obxectivo da iniciativa, que foi secundada por máis de 4.000 espectadores, é a descentralización e maior difusión entre o público das películas que conforman a carteleira da cinemateca.

Tamén coa Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga), renovamos o convenio anual para o mantemento dunha programación estable nestes espazos. O acordo integrou as achegas para garantir a proxección de películas durante todo o ano nas 14 localidades onde teñen as súas sedes os locais integrados no colectivo, así como a ampliación das programacións estendidas da Filmoteca de Galicia.

Desde xeito, destinamos 65.000 euros como apoio económico para que esta asociación sen ánimo de lucro, que celebrou en 2024 o seu 40 aniversario, ampliase a súa proposta a 19 ciclos e sete semanas de cine nos cineclubs Pontevedra, Lumière de Vigo, Adega de Vilagarcía de Arousa, Cangas, Poleiro de Goián, Bueu, Padre Feijoo de Ourense, Groucho Marx do Barco de Valdeorras, O Carballiño, Valle-Inclán de Lugo, Val Miñor de Nigrán, Serie B de Narón, O Acomodador de Allariz e Os Papeiros de Chantada.

O acordo inclúe o financiamento da participación da Federación de Cineclubs de Galicia nos Encontros de Cinema de Viana do Castelo (Portugal) para a resolución do Prémio PrimeirOlhar para documentais das escolas de cine e audiovisual de Galicia, Portugal e Brasil.

No marco da nosa aposta pola difusión do cinema galego, impulsamos en colaboración coa plataforma en liña **Filmin** a posta á disposición do público dun catálogo monográfico no que se agrupan filmes de autoría galega, xunto con outras películas que poden verse en galego grazas á dobraxe ou aos subtítulos. Así, baixo a denominación *Cinemas_GAL* reúnense máis de 80 títulos que xa formaban parte do repositorio da plataforma, pero que agora poden atoparse clasificados nunha única carpeta temática subdividida en categorías como *Éxitos recentes do cine galego, Éxitos internacionais en galego, Autores galegos, Curtametraxes galegas, Documentais, O mellor cine europeo en galego*, ou fitas baixo o epígrafe *Música*.

O audiovisual galego conta con outras vías fundamentais de apoio á **difusión exterior** nos catálogos *Shorts from Galicia*, centrado en curtametraxes, e *Films from Galicia,* así como na liña de axudas para a difusión de filmes no circuíto internacional de festivais.

Shorts from Galicia 2024 reúne seis títulos de moi diferentes xéneros e estilos, ademais de avanzar tres traballos en fase de desenvolvemento. Ofreceu información e acceso baixo demanda para o seu visionado profesional das curtametraxes *Abellón*, de Fon Cortizo; *Illa Cordura*, de Mario Fernández Filloy; *Pura*, de Carmen Méndez; *María Rita*, de Juan Barbazán; *De(s)amor*, de Alba Pino, e *Corre o vento*, de Paula Fuentes e Guillermo Carrera. Ademais deste apoio promocional, as tres primeiras contaron connosco para a súa produción. A selección completouse con *Adeus, Berta*, de Fernando Tato, *Montsera*, de Diego R. Aballe, e *Platónico, Platónica,* de Xacio Baño.

O 46º Festival Internacional de Curtametraxes de Clermont-Ferrand, en Francia, marcou o inicio da promoción dunha nova edición do catálogo *Shorts from Galicia,* coa súa difusión no mercado especializado paralelo ao certame. Este labor reforzouse cunha ampla axenda de encontros con responsables de festivais e distribuidoras internacionais acreditados.

Pola súa banda, ***Films from Galicia 2024*** comezou no European Film Market de Berlín, o mercado paralelo á Berlinale, a súa promoción, ofrecendo unha completa panorámica da actualidade do noso audiovisual e poñendo en valor a calidade e variedade da oferta galega, ademais de contribuír a difundir a nosa Comunidade como escenario de rodaxe.

Editado en inglés, o catálogo incluíu unha escolma con información sobre 75 novos traballos, clasificados en longametraxes cinematográficas de ficción, documentais, animación e televisión, e dos que preto do 80% contaron con subvención da Xunta a través das principais liñas de axuda ao sector. Nas fichas de cada un dos traballos figuran datos dos equipos, sinopses argumentais e contactos internacionais de cada produtora, así como os principais apoios obtidos polos proxectos.

Neste marco a prol da **difusión exterior do audiovisual galego**, a través das subvencións para a comercialización e difusión exterior de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos, distribuímos 70.000 euros entre 24 produtoras para contribuír ao desenvolvemento de diferentes accións de promoción e presenza en 20 festivais e mercados internacionais de referencia para o sector. O obxectivo é poñer en valor o traballo de produción e creación audiovisual con selo galego, así como situar a nosa Comunidade no mapa cinematográfico mundial.

Na modalidade destinada á participación en eventos de cine fóra de Galicia, resultaron beneficiarias 11 produtoras. Apoiamos a participación nos Premios Goya da curtametraxe *To Bird or not To Bird* e de *El sueño de la sultana,* dirixida po Isabel Herguera. Esta película de animación de Abano Producións tamén recibiu axuda para a súa participación en San Sebastián e en Annecy (Francia).

Outros seis títulos contaron con subvención para a súa presenza no Festival de Málaga: os filmes de ficción *As Neves,* que tamén a recibiu para participar no Festival de San Sebastián, e *Tratamos demasiado bien a las mujeres,* os documentais *Aurora* e *Salvaxe, salvaxe,* e as curtametraxes *O frío* e *Platónico, Platónica.* Pola súa banda, *Á procura da Estrela* contou con axuda para acudir ao Festival Internacional de Cine de Gijón, *Prefiro condenarme* ao Festival de Sevilla e *Turismo de Guerra* á Seminci de Valladolid.

Fóra de España, posibilitouse a presenza no Festival Internacional de Cine en Guadalajara (México) de *Salvaxe, salvaxe*, no IFF Festival Internacional de Cine de Rotterdam (Países Baixos) de *Alguén me chamou serpe negra* e *La Parra*, que tamén visitou a Viennale (Austria), no Festival de Locarno (Suíza) de *Prefiro condernarme* e, finalmente, de *Non te vexo* no festival de curtametraxes de Clermont-Ferrand (Francia).

En canto á modalidade de asistencia a foros de negocio especializados, asumimos parte dos gastos derivados da inscrición, viaxe e estadía dos representantes de 16 produtoras galegas en feiras de referencia internacional para o sector.

Son os casos dos mercados asociados a destacados festivais cinematográficos como o Marché du Filme, o MipTV e o Mipcom de Cannes (Francia), o Cinamarte de Rotterdam, o European Film Market de Berlín, o Marché du Film Court de Clermont-Ferrand (Francia), The Industry Club de San Sebastián e o Mafiz de Málaga, así como o evento dedicado ao xénero documental Sunny Side of the Doc, en La Rochelle (Francia).

En 2024 continuamos a impulsar a internacionalización do audiovisual galego colaborando no Forum Luso-Galego. Creatividade e coprodución, organizado como unha nova edición do **Encontro Profesional de Coprodución Audiovisual Portugal-Galicia**, enmarcado no festival Porto/Post/Doc celebrado en novembro no Porto. Pola banda galega, inscribíronse no encontro 22 empresas (Abano Producións, Cósmica Producións, Cru, Danga Danga, Einibó Films, Esnatu Zinema, Ficción Producciones, Producións A Fonsagrada, Filmika Galaika, Henfunk Studio, Martela Films, Mordisco Films, Portocabo, Serea Films, Sétima Producións, Somadrome, Tamboura Films, Testaferro, Treboa Media, Walkie Talkie Films, Zeitun Film e Zuzú Cinema), canda a unha trintena de compañías portuguesas.

Seguimos así promovendo o encontro entre representantes do sector audiovisual de ambos os territorios, fortalecendo os lazos xa consolidados e acollendo novos axentes do sector que veñen renovar o tecido empresarial e creativo, como xa fixeramos cos celebrados con anterioridade en Ourense, Porto e Arnoia, e que foran suspendidos a partir da pandemia.

1.3 Formación e divulgación

Tras sumarnos en 2022 ao proxecto europeo **European Writers Club (EWC),** en xuño recibimos os máis de 50 participantes da segunda edición do programa, que desenvolveu un dos seus campus en Santiago de Compostela. Guionistas, axentes de venda e representantes de produtoras e televisións dunha ducia de países conformaron esta delegación internacional.

A Xunta forma parte desta iniciativa europea, da que é unha das entidades fundadoras, co fin de promover a colaboración internacional na xeración de contidos audiovisuais para televisión e plataformas.

O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, foi o encargado de abrir a xornada inaugural, na que tamén interviñeron Thomas Gammeltoft, director do EWC, e Peter Andermatt, director da Oficina MEDIA España, así como Pepe Coira e Lidia Fraga, dous dos profesionais galegos vinculados ao programa.

Os participantes no campus galego traballaron arredor de cinco proxectos de España, Alemaña, Dinamarca, Francia, Noruega e Suíza. Ao longo destas xornadas, os guionistas seleccionados recibiron titorías individuais e grupais con escritores, produtores e responsables de contidos de 10 cadeas de televisión: TV2 de Dinamarca, France TV, ZDF de Alemaña, SVT de Suecia, NRK de Noruega, Ceska TV da República Checa, RÚV de Islandia, ERR de Estonia, SRF de Suíza e a plataforma Videoland, con sede en Países Baixos.

Santiago foi tamén a sede en xullo dun taller especial para os profesionais galegos que, baixo o paraugas do European Writers Club, correu a cargo do prestixioso Le Groupe Ouest European Film Lab. Ubicado en Bretaña (Francia), é un espazo de referencia en Europa polos seus resultados a nivel internacional, asesorando máis de 200 guionistas duns 50 países cada ano e impulsando películas gañadoras de premios en Cannes, Sundance, Berlín, Venecia ou San Sebastián.

Baixo o lema *Creando historias xuntos,* o EWC conta cun financiamento dun millón de euros da Unión Europea para a execución do seu proxecto piloto a través da convocatoria Preparatory Action Writing European. Participan, ademais, outras institucións públicas e privadas de Estonia, Irlanda, Noruega, Suecia, Finlandia e Islandia, así como a Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) por parte de España.

O programa está deseñado para inspirar e fomentar a colaboración entre guionistas, produtores e cadeas de televisión co obxectivo de crear series de ficción que crucen fronteiras e cheguen ás audiencias europeas e do resto do mundo. O foco é a narración audiovisual, desde o nacemento dunha idea ata a confección dunha biblia lista para a súa entrega.

Por outra banda, continuamos a apoiar iniciativas formativas e de diverso contido doutras entidades. Un ano máis estivemos no congreso internacional **Mundos Digitales,** que nesta 22 edición puxo o foco na chegada das producións virtuais en tempo real ao sector da radiodifusión ademais de seguir afondando nas aplicacións da Intelixencia Artificial. Celebrado a comezos de xullo na Coruña, o seu programa

incluíu presentacións en exclusiva, clases maxistrais e reunións sectoriais arredor de diferentes ámbitos da creación dixital, ao tempo que promoveu o intercambio profesional con xuntanzas de negocios e unha feira de emprego.

No eido especificamente formativo, neste ano culminou o ciclo de encontros virtuais **Conecta LAB,** organizado pola Asociación Galega de Profesionais e Realización (CREA) co apoio da Deputación de Pontevedra para acompañar e impulsar o proceso creativo de seis novos proxectos audiovisuais. Os seleccionados recibiron asesorías de guión e dirección por parte de recoñecidas figuras do sector nun proceso que arrincou a finais de 2023 e culminou en 2024 cunha residencia artística de 10 días na Illa de San Simón.

Tamén con CREA, colaboramos nunha nova edición dos encontros **Conecta +**, celebrado en xaneiro en Vigo coa participación dunha vintena de produtoras e distribuidoras de España e Portugal para coñecer de primeira man os 22 proxectos participantes cara a posibles alianzas que faciliten a súa rodaxe e chegada ás pantallas, e **Conecta,** que tivo lugar en novembro en Santiago para poñer en contacto guionistas e profesionais da dirección co obxectivo de obter retorno, orientación e eventuais acordos de colaboración.

Xunto coa Universidade de Vigo, organizamos unha nova edición, a décimo terceira, de ***AuGAL Master Class Audiovisual Galego***, dirixida a estudantes e profesionais do sector co foco posto na máis recente produción galega.

O programa, que se prolongaría ata marzo de 2025, incluíu nove sesións con clases maxistrais e proxeccións, acompañadas da presentación das persoas responsables na creación ou na produción audiovisual nos diferentes xéneros e formatos, ata completar 27 horas lectivas.

Na sesión inaugural, en novembro, o relatorio estivo a cargo de Enrique Otero, produtor de Control Z, ao tempo que director e guionista de *Honeymoon*. A 13ª AuGAL ofreceu dúas clases maxistrais sobre produción audiovisual, unha delas centrada na busca de localizacións a cargo do produtor e localizador Andrés Rozados, e outra coa produtora Silvia Fuentes a partir do título *Como se levanta unha peli*, achegando coñecementos sobre as fases e necesidades da creación audiovisual.

No programa tamén figuraron oito dos traballos do cuarto concurso de curtas *A Canteira*, organizado pola propia Facultade de Comunicación da Universidade de Vigo, coa entrega do premio á mellor obra. Outros dos contidos foron a longametraxe de ficción *La Parra*, de Alberto Gracia, presentada pola produtora de Filmika Galaika Beli Martínez; os formatos para televisión coa serie *Ghuassap* e o seu director Luis Avilés (CTV); e as curtas *A Marola*, de Ángel de la Cruz, *Abellón*, de Fon Cortizo, e *María Rita*, de Juan Barbazán.

Completaron as intervencións Lucía Estévez para falar sobre dirección novel a través da súa experiencia nas series de televisión *Los argonautas*, producida por Portocabo para Clan TVE, e *Weiss & Morales*, unha coprodución entre España e Alemaña, e a produtora de Sétima Silvia Fuentes para abordar o xénero documental coa proxección de *Filmei paxaros voando,* de Zeltia Outeiriño.

Tamén xunto coa Universidade de Vigo, ademais doutras institucións, colaboramos no **XX Curso de verán de extensión universitaria de Celanova (CeMAC 2024),** impulsado pola Fundación Carlos Casares. Celebrado do 24 ao 28 de xuño baixo o título *20 anos co cinema galego. Industria, cultura, identidade*, os directores do curso, Paulino Pérez Feijoo e Miguel Anxo Fernández, da Universidade de Vigo, convocaron para esta edición diversos perfís profesionais, artísticos e técnicos que analizaron filmes de estrea recente.

En concreto, para falar de *+Cuñados,* acudiron os actores Federico Pérez e Xosé Touriñán; o director de fotografía, Sergio Franco; o responsable da banda sonora orixinal, Santi Jul; o produtor executivo, Alfonso Blanco; e o director de produción, Javi Lopa.

Por parte do equipo de *As neves* participaron a directora e guionista, Sonia Méndez; a directora de produción, Silvia Fuentes; a produtora, Nati Juncal; a figurinista e xefa de vestiario, María Porto; e a xefa de maquillaxe e peiteado, Sonia García.

O filme *Tratamos demasiado bien a las mujeres* foi analizado coa axuda do seu guionista, Miguel Barros; a produtora, Mamen Quintas; o escenógrafo, Elia Robles; o director de arte, Diego Cabana; o supervisor de postprodución, Fernando Alfonsín; o colorista Alfonso Merino; a deseñadora de vestiario, Sara Barcia; e a *script*, Mónica Alonso.

Ademais dos filmes, houbo espazo para unha clase maxistral sobre *roadmovies*, impartida por José Manuel López, e abordáronse as curtas *Nena*, de Xosé Touriñán e Jairo Iglesias; *O frío*, de Pablo Dopazo; *Habitar*, de Anxos Fazáns; *Nai*, de Tito Refoxo; e *Betas*, de Alberto Senín, todas con recoñecementos en distintos festivais. Así mesmo, houbo unha mesa sectorial coa participación de diversos axentes do sector e a presentación da webserie *Dúas señoras*, das directoras Uxía Soutullo e Luján Monteiro, a produción do último taller audiovisual *Celanova, plató de ficción*.

Por outra banda, o CeMAc 2024 analizou a figura de Carlos Velo, cuxa Fundación é a única de finalidade audiovisual en toda España. Organizouse unha ruta cultural polo concello de Celanova e no Auditorio Municipal Ilduara instalouse unha pequena mostra fotográfica dos 20 anos de traxectoria do curso, nos que se rexistraron máis de 1.000 matrículas, teñen participado preto de 400 profesionais e docentes e lévanse proxectado máis dun centenar de filmes e pezas audiovisuais.

A estas accións formativas sumóuselle a xornada ***Fiscalidade no sector audiovisual***, organizada en Santiago de Compostela pola Asociación de Produtoras Independentes co noso apoio e na que participaron máis de 60 profesionais do sector.

Enmarcado na oferta de Galicia Pro Filme, o encontro afondou en deducións, incentivos e outros temas legais que afectan ás producións ao redor de tres relatorios: *Deducións e transferencias de crédito fiscal en producións cinematográficas*, no que Sergio Segarra e Leticia Domínguez contaron a súa experiencia ao cargo da súa plataforma de financiamento de YUNIT; *Formas xurídicas para encamiñar un investimento no audiovisual. Garantías ao inversor,* da man de María Negro, xerente do departamento legal de Media

e Tecnoloxía de Auren Legal; e *Incentivos fiscais territoriais e outras vías para financiar a produción,* onde Alfonso del Río Moreno e Miguel Rodríguez Ureña, socios de Culture CAP7 Fund, ofreceron as claves sobre o financiamento dos proxectos.

O programa completouse con reunións executivas individuais en formato breve entre os expertos coas persoas participantes co obxectivo de establecer sinerxías e aclarar dúbidas.

No eido da formación cómpre salientar o programa internacional de pedagoxía do cine nos centros educativos de primaria e secundaria ***Cinema en curso***, que coordinamos a través da Filmoteca de Galicia no marco do Plan Proxecta+ para a innovación educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Participaron na iniciativa 94 estudantes e 13 docentes.

A sala José Sellier acolleu en xuño a estrea das pezas *O zoar no ar*, realizada polo alumnado do colexio A Reigosa, de Ponte Caldelas; *Migallas de tradición*, artellada desde o colexio de Tenorio, en Cerdedo-Cotobade; e *Na memoria do muíño,* asinada polo colexio A Rúa, de Cangas. Os cineastas galegos Alejandro Tarraf, Carla Andrade e Fon Cortizo titorizaron respectivamente os traballos.

Cinema en curso forma parte da programación didáctica da Filmoteca de Galicia, na que tamén se insire *Fotografía en curso*. Neste programa participaron 12 centros con case 700 estudantes e 43 docentes. Todos eles realizaron diferentes proxectos fotográficos que se concretaron en exposicións ou publicacións que se poden consultar na web do proxecto.

Co obxectivo de formar novos públicos, a Filmoteca de Galicia desenvolve outros programas en colaboración cos centros educativos, como *CinEd*, *Novas miradas* (con sete títulos proxectados diante de 130 rapaces e rapazas de cinco colexios), ou *Filmoteca Júnior*, con 10 filmes exhibidos para 1.300 escolares de 12 centros.

Nesta aposta polo achegamento dos máis novos ao audiovisual figura o programa pedagóxico **Educa Audiovisual,** en colaboración con Agapi, do que lanzamos a segunda edición de abril a xuño de 2024. Dirixida ao alumnado de Educación Secundaria, a iniciativa céntrase na difusión do audiovisual galego e en lingua galega poñendo á disposición dos centros de ensino un catálogo de 14 títulos que inclúe filmes, series, curtas e videogramas a través do que se abordan moi diferentes temáticas para que poidan ser empregados como material de traballo na aula. Compleméntase con coloquios nos que profesionais do sector contextualizan e comentan as proxeccións.

O empoderamento feminino, a identidade, o patrimonio ou a lingua son algúns dos focos arredor dos que orbitan as 14 obras, sempre desde unha óptica actual e accesible, que mestura a linguaxe documental e as técnicas fílmicas de vangarda. O obxectivo é proporcionarlle ao profesorado unha nova ferramenta para lles achegar coñecemento aos seus estudantes a partir de contido audiovisual de calidade e en galego.

O catálogo está conformado pola serie documental *225 Km / 24 h.*, de Miramemira; *A dobraxe en galego, un modelo de normalización*, de Recrea Films con dirección de Chema Gagino; *A mestra de escola*,

de Alba Prol e produción de Meteórica Cine; *Ahí vén o Maio*, sobre o primeiro disco homónimo de Luis Emilio Batallán, de Tamboura Films; as curtametraxes de Sétima *As ondas*, dirixida por Ángel Filgueira, e *Crianza*; a peza *Elas, produtoras executivas*, realizada pola propia Agapi; *Mourelle de la Rúa. O último gran descubridor*, de Chema Gagino e Amalia Mato; a serie de pezas documentais *O camiño das estrelas*, de Tamboura; *Os camiños do neno labrego*, de Noveolas Producciones; *Por vir*, documental de Eloy Domínguez Serén producido por Zeitun Films; *Repartidores do rural*, de Miramemira; *Tesouros somerxidos*, de Tex45, e *Videogramas. A propósito de Compostela*, de Numax.

Nesta segunda edición de *Educa Audiovisual* participaron máis de 500 estudantes de Educación Secundaria de 16 centros de ensino das catro provincias. Na da Coruña foron IES Xelmírez (Santiago de Compostela), IES de Curtis (Curtis), IES Salvador de Madariaga e IES de Monelos (A Coruña), IES de Miraflores (Oleiros), IES Virxe do Mar (Noia) e o Ciclo Medio Saturnino Montojo (Ferrol). Na provincia de Lugo estiveron IES Ánxel Fole (Lugo) e IES Francisco Daviña Rey (Monforte de Lemos). Na de Pontevedra participaron IES Valle Inclán e IES Frei Sarmiento (Pontevedra), IES Castelao (Vigo) e IES Francisco Asorey (Cambados), e na de Ourense, IES 12 de outubro e IES Laboral (Ourense) e IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia).

1.4 Atracción de rodaxes

Neste marco de acción, seguimos avanzando coa activación dun novo fondo para a **atracción de rodaxes** dotado con 2 millóns de euros, co que se lle dá continuidade polo positivo impacto ás súas dúas anteriores convocatorias dentro do Hub Audiovisual e da Industria Cultural Galega 2021-2023. Precisamente ese impacto deuse a coñecer polo miúdo en 2024 coa publicación en formato dixital do *Informe de contexto e de resultados do Hub,* dispoñible para a súa consulta na nosa web, no apartado Publicacións.

No que se refire á convocatoria para o fomento e promoción de rodaxes audiovisuais que precedeu á liña de axudas creada en 2024 e que abrangueu o período 2022-2023, o número de proxectos beneficiarios ascendeu a cinco, promovidos por tres entidades que se repartiron case 1,5 millóns de euros. Deles, dous son longametraxes, *Amigos hasta la muerte*, de Undodez, e *Tratamos demasiado bien a las mujeres*, de Ficción Producciones. Os outros tres son as series *Operación Marea Negra II*, de Ficción Producciones, xunto con *Rapa* e *Los enviados II*, ambas de Portocabo TV.

Centrándonos xa nos resultados do novo fondo para impulsar a proxección da nosa Comunidade como escenario de producións audiovisuais encabezadas tanto por empresas de aquí como do resto de España e Europa, impulsáronse seis novas películas e series en diferentes localizacións galegas.

Tres longametraxes finalizaron a rodaxe xa en 2024:

Romería, filmada en Vigo e noutras localizacións da provincia de Pontevedra. A directora Carla Simón completa a triloxía na que explora as relacións familiares, inspirándose desta volta nas orixes da súa familia biolóxica paterna. No reparto, encabezado pola debutante Llúcia Garcia, figuran Mitch, Tristán Ulloa, Celine Tyll, Miryam Gallego, Janet Novás, José Ángel Egido e Sara Casasnovas, entre outros nomes.

Rondallas, de Daniel Sánchez Arévalo e gravada en diversos concellos como A Guarda, Baiona, Oia, Tui e Vigo. Esta comedia conta como un pequeno pobo mariñeiro se une para recuperar a súa rondalla, tras dous anos de loito polo tráxico naufraxio dun dos seus pesqueiros. Javier Gutiérrez, María Vázquez e Tamar Novas encabezan o reparto 100% galego con coñecidas caras como Carlos Blanco, Xosé A. Touriñan, Marta Larralde, Judith Fernández ou Fer Fraga.

Dímelo bajito, filme que Vaca Films rodou en numerosos escenarios da Coruña e Lugo, producida para Prime Video e con Denis Rovira na dirección. Alicia Falcó, Fernando Líndez e Diego Vidales protagonizan este drama de personaxes baseado na novela homónima de Mercedes Ron. Completan o elenco Patricia Vico, Andrés Velencoso, Eve Ryan, Fernado Nagore e mais a galega Celia Freijeiro.

Pola súa banda, continúan a gravación en 2025:

Me has robado el corazón, película sobre o Entroido con localizacións en Verín e Santiago de Compostela. Presentada pola AIE homónima, está dirixida por Mamen Quintas e Julio Casal, e protagonizada por Óscar Casas e Ana Mena.

Marusía, de CTV, serie que ten como protagonista a primeira comandante na historia da Escola Naval de Marín, que ao pouco de chegar debe asumir a investigación dun suposto suicidio. A propia escola naval é o escenario, xunto coa antiga Escola de Transmisións e Electricidade da Armada (ETEA) de Vigo.

Clanes, con Vaca Films na produción. A serie de suspense sobre narcotráfico que situou xa a súa primeira tempada en Cambados, entre outras localizacións, volve ás pantallas en 2025. Protagonizada por Clara Lago e Tamar Novas, tivo tamén no seu elenco nomes coñecidos como Xosé Antonio Touriñán, Miguel de Lira, Melania Cruz ou Lucía Veiga.

Xunto ás rodaxes promovidas a través deste fondo, en 2024 Galicia foi, así mesmo, o escenario para outras nove producións que recibiron o noso apoio a través da convocatoria anual para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos: *Leo & Lou*, de Carlos Solano con Aurora Audiovisual AIE na produción; *San Simón*, de Miguel A. Delgado con Miramemira; *Hoxe e o resto do mundo*, de Cecilia Betz e Andrés Sanjurjo con Matriuska Producciones; *Así chegou a noite,* de Ángel Santos con Maruxiña Film Company; *Lume, de* Giselle Llanio e Sergio Graciano con Setemedia; *Antes de Nós*, de Ángeles Huerta con Zenit TV; *Tralovento*, de Eloy Domínguez Serén con Zeitun Films; *As liñas descontinuas,* de Anxos Fazáns con Sétima, e *Onte á noite conquistei Tebas*, de Gabriel Azorin con Filmika Galaika.

1.5 Outras accións

Outra das nosas accións dirixida a reforzar a proxección das industrias do cinema e da televisión, así como a darlle visibilidade ao traballo desenvolvido polo audiovisual galego, é o apoio aos **Premios Mestre Mateo**, organizados pola Academia Galega do Audiovisual (AGA). Na súa 22ª edición competiron 101 finalistas nas 25 categorías convocadas.

A gala celebrouse o 23 de marzo no Coliseum da Coruña. Nela, o filme *O corno* de Jaione Camborda foi a obra máis premiada, con sete galardóns: Mellor dirección de arte (Melania Freire), Mellor maquillaxe e perruquería (Bárbara Brouke, Lorena Clavo e Silvia Neira); Mellor son (Sérgio Silva e David Machado); Mellor vestiario (Uxía Vaello) e Mellor longametraxe. A directora alzouse cos premios a Mellor dirección e Mellor guión.

Pola súa banda, o equipo de *Matria* recolleu os trofeos a Mellor dirección de fotografía (Lucía C. Pan) e dirección de produción (Nati Juncal). Ademais, fixo pleno nas categorías de interpretación nas que era finalista, con recoñecementos para María Vázquez como Mellor interpretación feminina protagonista, Susana Sampedro como Mellor interpretación feminina de reparto e Santi Prego como Mellor interpretación masculina de reparto.

Rapa, votada polas académicas e académicos como Mellor serie de TV, tamén gañou os premios a Mellor montaxe (Gaspar Broullón, Julia Juanatey, Lucía Iglesias) e Mellor música orixinal (Xavi Font). Dentro da ficción seriada, *A arte de ser (mal) pai* da produtora Miraveo obtivo o Mestre Mateo a Mellor serie web.

Tamar Novas volveu recoller o premio a Mellor interpretación masculina protagonista, polo seu papel en *¡Salta!* e Lucía Veiga foi recoñecida como Mellor comunicadora polo seu traballo en *Malicia Noticias*. Completan o listado de profesionais galardoados Alba Prol, Raúl García e Jairo Iglesias na categoría de Mellor Realización, polo seu traballo en *O Gran Camiño. Grandes Rutas a Pé do Mundo*.

Os espazos en branco impúxose na categoría de Mellor documental. Pola súa banda, *Cos pés na terra* acadou o premio a Mellor programa. O videoclip de C. Tangana para o R.C Celta de Vigo *Oliveira dos cen anos* venceu na súa categoría e *Chama a miña neta* alzouse co trofeo a Mellor anuncio publicitario.

O Premio de Honra Fernando Rey foi para a poeta e actriz Eva Veiga, pioneira da divulgación cultural nos inicios da Televisión de Galicia.

A antesala da gala, co tradicional encontro entre finalistas e na que se entregan os premios especiais que poñen en valor aspectos que van máis aló do puramente técnico ou artístico, celebrouse en marzo na Coruña. Nela *Rapa* foi galardoada co Premio Abanca ao impulso da sostibilidade, *Bechos* mereceu o Premio Deleite á promoción da lingua, *O Corno* recolleu o Premio Galicia Calidade á promoción exterior, e *¡Salta!* fixo o propio co Premio Cafés Candelas á produción máis inspiradora.

O apoio aos galardóns ten a súa continuidade no **Ciclo Mestre Mateo** de cinema galego, que en 2024 incluíu por primeira vez as curtametraxes finalistas na anterior edición dos premios grazas á nosa

Filmoteca de Galicia 2024 **Films from Galicia** **Shorts from Galicia**

colaboración co Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales e a Academia Galega do Audiovisual. Proxectáronse nove filmes en 24 concellos de Galicia localizados fóra da contorna das grandes cidades e que non contan cunha oferta de salas comerciais.

No bloque de ficción puideron verse *Antes de que se poña o sol,* de Nani Matos; *Nena,* dirixida por Xosé A. Touriñán e Jairo Iglesias; *O coidado*, de Miguel Canalejo; *O neno sardiña,* de Lucía Estévez; e *Ulises*, de Félix Brixel. Na categoría de animación exhibíronse *O monstro e a nena*, de Jorge J. Costas; *To Bird or not To Bird*, dirixida por Martín Romero e premiada nos Goya; *Illa Cordura*, de Mario Fernández Filloy; e *In Half*, de Jorge Morais.

Na provincia da Coruña houbo proxeccións na Laracha, Betanzos, Boiro, Cedeira, Valdoviño e Vimianzo; na de Lugo, na Fonsagrada, A Pobra do Brollón, Foz, Meira, Monterroso, Sarria, Taboada e Vilalba; na de Ourense, en Allariz, Celanova, Ribadavia e San Cristovo de Cea; e na de Pontevedra, nas Neves, Cerdedo-Cotobade, Moraña e Ribadumia.

Así mesmo, colaboramos un ano máis co **Premio Daniel Domínguez de guión en galego**, convocado pola Asociación Sindical Galega de Guionistas (Agag) e que nesta sexta edición foi para Inés Pintor polo seu guión de longametraxe de ficción titulado *As crechas*. Tamén foron distinguidos como finalistas Miguel Fernández por *A comuñón de Breixo*, e Jorge Algora por *Para que non me esquezas*.

Entre a actividade desenvolvida ao longo de 2024 cómpre sinalar a colaboración co Clúster Audiovisual Galego na organización da 18ª edición do encontro ***I+P, Ideas para producir***. A iniciativa, celebrada en novembro, ten como obxectivo conseguir novas alianzas para o audiovisual galego na coprodución, venda, financiamento ou distribución de contidos para cinema e televisión.

Así, acolleu presentacións rápidas tipo *pitching* e reunións personalizadas arredor dos 18 proxectos seleccionados. Os seus responsables tiveron a oportunidade de se presentar diante dun auditorio conformado por representantes das principais televisións, plataformas, produtoras e distribuidoras de toda España. Nesta edición, o evento volveu bater récord de inscricións con 175 propostas rexistradas, que foron analizadas por un comité de selección nomeado ao efecto.

Os 18 traballos finalistas que se presentaron incluíron longametraxes de ficción e documentais, e series e miniseries de ficción, documentais e de animación, en distintas fases de desenvolvemento.



2 | ESCENA

festival
internacional
de teatro
de ourense

A
UTÓPICA
RODANTE
VILALEGRE
VILALEGRE



A CULTURA
NON TEN PRESE
NON NOS
MOVERÁN

A nosa unidade teatral, o Centro Dramático Galego, foi a gran protagonista de 2024, ano no que celebramos o seu 40 aniversario. Con este motivo reforzamos a súa actividade e proxección, tanto no territorio galego como a nivel internacional, ademais de impulsar as súas principais liñas de traballo, nas que aposta pola accesibilidade, o encontro coa cidadanía e a sustentabilidade. ■ Unha das novidades no apoio á escena atopámola na formación, coa primeira e pioneira edición dun proxecto de mentorizaxe e titorización específico para os grupos gañadores da especialidade de Teatro do Xuventude Crea 2023, que se une a outras accións formativas xa consolidadas. ■ En paralelo, seguimos promovendo a creación, a innovación e a difusión das nosas artes escénicas a través de iniciativas propias e da participación noutras promovidas polo propio sector. É o caso das múltiples residencias artísticas, encontros profesionais, circuítos ou festivais que enchen de citas o calendario cada ano e que representan a mellor demostración do dinamismo e a fortaleza da escena galega.

2.1 Apoio á creación

A nosa liña de apoio á **creación escénica** sumou un ano máis unha dotación de 800.000 euros e impulsou os espectáculos de 29 compañías profesionais galegas, con 15 propostas de teatro, maxia e novo circo, sete de empresas de recente traxectoria e cinco pezas de danza e artes do movemento, ademais das dúas formacións beneficiarias na modalidade de proxectos plurianuais.

Nesta última categoría, Elefante Elegante e Chévere recibiron 100.000 euros e preto de 97.000 euros, respectivamente, para o desenvolvemento do seu plan artístico e empresarial ata 2026, que en ambos os casos inclúen dúas producións principais. Búscase, así, facilitar o funcionamento dos equipos e proxectos de empresas teatrais xa consolidadas, subvencionando a súa planificación a tres anos vista con, cando menos, unha produción e unha xira de 70 funcións tanto en Galicia como no mercado exterior.

No referente á modalidade para espectáculos de teatro, circo e maxia, cofinanciamos as novas propostas escénicas de 15 compañías: Producións Teatrais Excéntricas, Ártika Cía., Contraproducións, Ibuprofeno Teatro, Ainé Producións, Ningures, Culturactiva, Sarabela Teatro, Teatro do Noroeste, Berrobambán, aAntena, Redrum Teatro, Pistacatro, Educateatro e Títeres Cachirulo.

En canto á categoría de danza e artes do movemento, as beneficiarias foron Teatro Ensalle, Javier Martín, Marta Alonso Tejada, VACAburra e Paula Quintas.

Ademais, contribuímos ao financiamento dos proxectos escénicos de sete compañías de recente fundación, tanto de teatro como de danza. Trátase de Daniel Rodríguez, Lagriot'te, Julia Laport, Morraoconto, Amorodio Teatro, Eva Comesaña e Negro López.

2024 tamén foi o ano no que puidemos desfrutar de moitos espectáculos que chegaron ás táboas grazas ás convocatorias precedentes desta mesma liña de subvencións. Foron os casos, por exemplo, de *O dragón de ouro*, *Monstros*, *Iribarne*, *Manekineko*, *Desexo*, *O último home*, *A cincenta que non quería comer perdices*, *Circo de Pinocho*, *Os contos do Lobicán*, *As gardiás ou o nó do tecelán* ou *Cortello de amor*.

Xunto coas axudas directas ás compañías, no impulso á creación cómpre sinalar as accións promovidas polo Centro Dramático Galego (CDG) e o Centro Coreográfico Galego (CCG), tanto a través das producións e coproducións como das **residencias artísticas**.

As **Residencias Artísticas do Gaiás (REGA)**, postas en marcha polo CDG xunto coa Fundación Cidade da Cultura en 2021, sumaron un novo ciclo de *Clásicas desfeitas* co volume IX, titulado *Hamlet, o de Cunqueiro*, unha adaptación do texto *O incerto señor don Hamlet,* de Álvaro Cunqueiro, e cos volumes X e XI, co díptico *Míticas pero secundarias*, con Polícrates, Ismene, Crisótemis e Políxena como fonte de inspiración para os títulos *A infeliz felicidade e o prezo do aceite* e *Tres somos ti*.

Continuamos co noso financiamento ás ***Residencias Paraíso*** promovidas polo colectivo RPM, que nesta oitava edición acompañaron os procesos de nove proxectos: *Todo o mundo é contra min-eh*, de Sergio Marey, *Do outro lado*, de Fran Rodríguez e Brais Pombo, *No necesito un nombre para ser mascota*, de Ana

Cotoré, *The miracleworker*, do colectivo Desgarradura, *En esta sala hay magia*, de Noela Covelo e Élise Moreau, *Sinte*, de Cris Balboa, *Hydra*, de Lucas Damiani, *Eyilá ashé ebbora - archivo vivo de la resistencia*, de José Ramón Hernández / Osikán- vivero de creación, e *Sobre o extravío ou a arte de perderse*, de Furia Sotelo. Os procesos de creación desenvolvéronse en distintos espazos de toda Galicia, entre os que estivo novamente a sede do Centro Dramático Galego.

Volvemos colaborar co programa de residencias artísticas e de investigación a través da danza e das artes do movemento **Atopémonos bailando,** impulsado pola compañía Colectivo Glovo na cidade de Lugo e que chegou á súa terceira edición. A primeira das tres actividades de mediación desenvolvidas co noso apoio foi o obradoiro *Concorda,* conducido por Caterina Gameiro e Mariana Frazão. Seguiulle *Vesperi Lux*, da man de Miguel Gendre e Juanma Lodo, e pechouse con *Principio de incertidume*, impartido por Marina Melero.

Tamén incidiu na creación no ámbito da danza o apoio que lle prestamos a través do Centro Coreográfico Galego a **Da Man,** un proxecto colaborativo da empresa Amarelo Distribución e Manu Lago, para o acompañamento (administrativo, loxístico, artístico, financeiro...) nos procesos emprendidos por artistas emerxentes cara a unha produción profesional e dinamizar o mercado con novas linguaxes. Raquel Ferradás, co seu proxecto *Mesura*, foi a creadora galega seleccionada.

2.2 Apoio á difusión

En 2024 démoslle un pulo ás **subvencións ás actividades de distribución,** incrementando a dotación ata os 300.000 euros, un 30% por riba dos anteriores exercicios. Houbo ademais cambios que explicamos nun webinario no mes de abril, ao que se conectaron máis de 80 profesionais da música e das artes escénicas, xa que a iniciativa vai dirixida aos dous ámbitos.

Entre as propostas escénicas apoiadas estiveron a xira mexicana de Teatro Ensalle, as actuacións de danza de Elahood en Portugal e de Javier Martín en Colombia ou as representacións de Píscore no Festival internacional de Teatro Clásico de Almagro e de Ibuprofeno Teatro en Ciudad Rodrigo, no marco da Feria de Teatro de Castilla y Léon. Apoiouse a distribución artística dentro da nosa Comunidade, exceptuando a programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Foi o caso das xiras galegas de Producións Teatrais Excéntricas, Redrum, A Xanela do Maxín, Sarabela Teatro ou Teatro do Noroeste, entre outras compañías.

Por outra banda, coas nosas colaboracións con espazos escénicos públicos e privados financiamos tanto as funcións realizadas na **Rede Galega de Salas** como os gastos de funcionamento das salas escénicas privadas.

Estas últimas consolidaron en 2024 un orzamento de 200.000 euros, mantendo a suba do ano anterior dun 33%. Queremos así recoñecerlles ás salas escénicas galegas o seu destacado papel ao servizo da difusión e da creación de públicos para o sector, ao tempo que se lle dá resposta ao aumento xeral dos custos de mantemento da súa actividade.

Resultaron beneficiados por quinto ano consecutivo os espazos vigueses Ártika e Teatro Ensalle, e os coruñeses Sala Gurugú e Teatro del Andamio, todos eles integrantes da Rede Galega de Salas. No marco desta medida, estes espazos programaron ao longo do ano un total de 250 actuacións a cargo de 93 formacións artísticas.

Do mesmo xeito que os musicais, os espazos que acollen actuacións escénicas beneficiáronse da terceira convocatoria do programa de apoio extraordinario para a **modernización e xestión sostible das infraestruturas de artes escénicas e musicais,** cun orzamento 500.000 euros, que se distribuíron entre 12 recintos multidisciplinares de titularidade municipal e outros máis especializados en espectáculos de teatro, danza, maxia, circo ou narración oral.

Esta canle de financiamento púxose en marcha ao abeiro do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation EU para facilitar a renovación dos sistemas dixitais de iluminación, vídeo, audio e comunicación en rede, maquinaria escénica, xestión artística e produción, así como ao acondicionamento e rehabilitación dos edificios para favorecer a súa adaptación ao cambio climático. O detalle sobre esta convocatoria debúllase no cuarto apartado desta memoria, dedicado a accións de carácter transversal (ver páxina 103).



No eido da distribución interior das artes escénicas ocupa o lugar máis relevante o circuíto formado pola **Rede Galega de Teatros e Auditorios** (RGTA), constituída en 1996 para impulsar a distribución dos espectáculos galegos e que conta na actualidade con 42 administracións locais asociadas e un total de 43 escenarios membros. En 2024 incorporouse O Grove como novo concello membro, achegándolle a este circuíto as 500 butacas do seu Auditorio Municipal.

A Rede dispuxo este ano dun orzamento de case dous millóns de euros para asumir os cachés das compañías, cofinanciados ao 50% entre a Xunta e as entidades locais xestoras. A programación, na súa totalidade, incluíu 559 funcións escénicas e musicais, das que 518 corresponderon a artes escénicas. En concreto, 101 compañías de teatro levaron a cabo 430 funcións, 21 de danza fixeron 51 representacións das súas pezas, 10 de maxia tiveron 15 actuacións e as propostas de oito formacións de circo foron as protagonistas de 22 citas.

As contratacións destes espectáculos levámolas a cabo a través de ***galescena.gal***, o principal instrumento de traballo para todos os axentes que teñan relación coas nosas programacións, como compañías, grupos de música ou programadores. Trátase dunha intraweb que facilita a xestión das nosas redes de programación, de xeito que todos os trámites de inscrición, contratación e rexistro de asistencia, entre outros, se poidan facer a través desta ferramenta.

A través da Rede Galega de Teatros e Auditorios colaboramos con **Primavera enDanza**. Carballo acolleu en abril este ciclo, que chegou á súa 22ª edición, coas pezas *Vaivén*, de Marcia Vázquez, *Multiperspectivas #2*, de Paula Quintas Cía., e *Berro*, montaxe de celebración do vixésimo aniversario de Nova Galega de Danza. A estas obras enmarcadas na programación da RGTA sumáronse *El cuento de Persépolis*, da agrupación La Coja Dansa, *Disculpa si te presento como que no te conozco,* da compañía de danza e circo Miguel Barrero y La Pequeña Victoria Cen, *e Los perros*, de Led Silhouette.

Os **festivais de artes escénicas** son outra importante vía de difusión que apoiamos cada ano cunha liña específica de axudas. En 2024, volvemos incrementar o orzamento ata 280.000 euros, máis dun 30% por enriba do de 2023, que se distribuíron finalmente entre 12 mostras. Búscase así consolidar uns eventos considerados estratéxicos nos seus ámbitos por impulsar a actividade cultural á vez que económica.

Singular. Festival do Monólogo Teatral (9ª edición, do 1 ao 24 de marzo). Celebrado en Narón, ofreceu 12 espectáculos, oito para público adulto e catro para o infantil, todos eles unipersoais, sinal de identidade do evento. Estiveron protagonizados por artistas como Lolita Flores, Marián Bañobre, Bea Campos, Iria Pinheiro, Esther F. Carrodeguas e Pablísimo entre outros nomes.

Festival Internacional de Títeres de Redondela (25ª edición, do 13 ao 19 de maio). Organizado por Memorial Juanjo Amoedo, ofreceu máis de 70 actividades e a participación de 28 compañías nunha programación que combinou espectáculos de sala e de rúa, xunto cunha campaña escolar, mostras e un mercadiño.

Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas (41ª edición, do 27 de xuño ao 7 de xullo). Volveu encher a vila de teatro, danza, obradoiros, encontros, presentacións e exposicións arredor do teatro e o humor, con sete estreas absolutas. A inclusión foi un dos eixes do evento, que acolleu un ano máis o Torneo de Dramaturxia de Galicia, no que colabora o CDG.

Sacra Festival (6ª edición, do 28 ao 30 de xuño). Impulsado pola Asociación Cultural Sacra Experience, incluíu espectáculos de danza contemporánea e un obradoiro de danza e teatro nun cartel multidisciplinar, no que tamén tiveron presenza a música e a poesía co obxectivo de promover a cultura como nexo coa contorna.

Titiriberia (9ª edición, do 12 ao 18 de xullo). Organizado en Rianxo pola asociación cultural Morreu o Demo, o seu cartel contou con 30 funcións e 20 compañías, tanto galegas coma doutras comunidades e países, como Portugal ou República Checa, ademais de obradoiros, mesas redondas e proxeccións.

Danza no Claustro (12ª edición, do 28 de xullo ao 4 de agosto). Este proxecto da plataforma cultural SóLODOS que busca poñer en valor o patrimonio arquitectónico a través da danza ofreceu oito funcións, cinco delas nos claustros de diferentes mosteiros ourensáns e outras tres na Casa Vella de Allariz, a cargo de compañías de Galicia, Estremadura, Cataluña, Costa Rica e México & Portugal.

Mostra de Teatro Galego de Cariño (46ª edición, do 4 ao 10 de agosto). Impulsado polo Concello de Cariño, sumou 14 representacións para público de todas as idades. Xunto co teatro incluíronse espectáculos itinerantes, circenses e musicais en diferentes espazos.

Festaclown Vilagarcía (23ª edición, do 19 ao 24 de agosto). Baixo o lema *A festa da risa,* ofreceu máis dunha vintena de actuacións, con catro estreas absolutas. Seguindo a liña solidaria e participativa que o caracteriza, nesta edición colaborou con diversas entidades para acoller estreas de compañías con artistas con capacidades diversas.

Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) (33ª edición, do 26 de setembro ao 31 de outubro). Celebrado en Carballo, sumou 36 espectáculos con oito estreas absolutas de produción galega. Baixo o lema *Agora é sempre*, puxo o foco na revisión contemporánea de obras clásicas, así como na vixencia dos grandes temas do teatro.

Desfoga (5ª edición, do 2 ao 5 de outubro). Impulsado pola Asociación Compañía de Teatro Caracol en Cambados, mostrou proxectos de artistas da comunidade LGTBIQ+ e outras disidencias con diferentes formatos como a *performance*, o *sitespecific*, a instalación interactiva, o teatro e a danza, ademais doutras actividades.

Festival Internacional Galicreques (29ª edición, do 12 ao 20 de outubro). Desenvolvido en diferentes espazos de Santiago de Compostela da man da Asociación Barriga Verde, programou 60 funcións cunha trintena de compañías de oito países. No cartel sumamos a participación do CDG nunha coprodución con Alemaña no marco do proxecto europeo Phōnē.

Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) (17ª edición, do 16 ao 27 de outubro). Organizado por Sarabela Teatro, ofreceu 13 espectáculos de xéneros diversos e de compañías galegas e foráneas. Ademais, volveu acoller o espazo de encontro e diálogo entre disciplinas e artistas *67 Graos-Ourense Fervescénica*.

Por medio dun convenio específico co Concello, un ano máis colaboramos coa **Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT).** A 40ª edición da MIT celebrouse como vén sendo habitual en xullo. Dúas das nosas coprodución formaron parte do seu cartel: *Nada se sabe*, con Culturactiva a través do Centro Dramático Galego, que se estrou neste evento, e *Dique*, con Nova Galega de Danza en coprodución co Centro Coreográfico Galego, que foi o espectáculo inaugural. Documentais, coloquios, cursos e presentacións complementaron a intensa programación cunha vintena de montaxes.

Outras citas escénicas moi específicas tamén recibiron algún tipo de apoio, como foron os casos da terceira edición do **Festivalle**, o evento monográfico dedicado ao autor do esperpento que se celebrou en Vilanova de Arousa do 8 ao 14 de xullo; e da novena edición do festival **Castelo Conta**, celebrado do 19 ao 25 de agosto en Culleredo, con actuacións escénicas, musicais e de recuperación da tradición oral, así como romarías e actividades infantís e gastronómicas, entre outras.

En 2024 seguimos impulsando a difusión das nosas artes escénicas a través de diferentes circuítos que percorren Galicia especialmente durante o verán.

Así, lanzamos a 12ª edición do ciclo de exhibición de espectáculos **Cultura no Camiño,** xestionado a través da nosa plataforma en liña *galescena.gal* e co que chegamos a máis de 35.500 espectadores, descentralizamos a oferta cultural e dinamizamos os concellos vencellados ás diferentes rutas do Camiño de Santiago. Cun orzamento inicial que subiu ata os 250.000 euros, entre o 15 de xuño e o 31 de agosto levamos a case 90 localidades máis de 300 citas escénicas e musicais a cargo de 144 formacións artísticas galegas. Do total de funcións, 213 corresponderon ás disciplinas escénicas, con 45 de maxia, 57 de novo circo e 108 de teatro.

Renovamos o ciclo ***Danza 3,*** que chegou ao seu 12º aniversario da man da Federación XOC (Xacarandaina da Coruña, O Fiadeiro de Vigo e Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela). Desenvolvido de abril a setembro, ofreceu 18 funcións noutras tantas localidades galegas, co obxectivo de achegarlle ao público a riqueza do baile e da música tradicionais. Nesta liña traballan as tres agrupacións impulsoras da iniciativa, a prol dunha maior visibilidade do folclore galego, tanto con actividades de formación e exhibición como de recuperación deste patrimonio inmaterial.

O **Salón Teatro** é un espazo de exhibición escénica da Xunta de Galicia e sede do Centro Dramático Galego que ten un papel fundamental na difusión das artes escénicas. Nel acollemos as representacións da compañía pública e outro tipo de espectáculos, converténdose así en referente cultural tanto para a cidade na que se sitúa, Santiago de Compostela, como para toda Galicia.

En 2024, ano marcado polo 40º aniversario do CDG, as portas do espazo abríronse en xaneiro para recibir unha trintena de alumnos e alumnas do CIFP Audiovisual de Vigo co obxectivo de amosarlles as diferentes partes do teatro e o funcionamento do equipamento.

A actividade escénica arrincou a comezos de febreiro, cando volvemos ser sede do **Festival Internacional de Teatro Universitario**, promovido pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) con catro propostas de Galicia, Murcia e Portugal. Xa na segunda quincena fomos escenario da coprodución do CDG co Grupo Chévere ***Helen Keller, a muller marabilla?*** Neste mes tamén acollemos a residencia artística desenvolvida pola actriz francesa Mona Caroff no marco do proxecto Phōnē.

En marzo recibimos novo alumnado que veu coñecer as nosas instalacións, neste caso do IES de Ordes. O cinema tivo presenza con varias proxeccións da **19ª Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE).** A celebración do Día do Teatro e do 40º aniversario do CDG puxo o peche especial a este mes, cun acto conmemorativo e visitas dramatizadas a cargo da compañía Galeatro.

O 11 de abril chegou a primeira estrea dunha produción propia, ***Os actos e as profecías***, espectáculo central do 40º aniversario do CDG e enmarcado no proxecto Phōnē. Estivo ata finais de maio, acompañado de espectáculos de *Improversións* e do obradoiro para a cativada *Verbas de luz*. Tamén como parte da iniciativa europea, estreamos o proxecto de teatro comunitario ***O corazón na boca***, que pon en valor as linguas minorizadas, con funcións en diferentes datas deste mes e do seguinte. Houbo ademais unha nova visita académica cun grupo de estudantes da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e acollemos unha das sesións do proxecto de mentorizaxe e titorización para os grupos gañadores da especialidade de Teatro no certame **Xuventude Crea 2023.**

O mes de maio pechouse con **Galicia Escena PRO,** o noso mercado profesional das artes escénicas, do que ofrecemos cinco pezas. En xuño acollemos a función anual do grupo de teatro da Fundación Down Compostela, con ***Oro líquido,*** e a coprodución do CDG enmarcada no proxecto europeo Nós/Nous ***Na hora dos cans***. A finais de mes a danza foi protagonista coa estrea de ***Dique***, de Nova Galega de Danza en coprodución co Centro Coreográfico Galego.

En xullo reactivamos o programa **Residencias cruzadas** para recibir o proxecto ***Entre Palav-bras,*** con ButacaZero e TEatroensaio, ademais de acoller a mostra ao público do proceso creativo da obra ***Do outro lado*** impulsada por Brais Pombo e Fran Rodríguez ao abeiro das *Residencias Paraíso* do Colectivo RPM. Neste mesmo marco de acción, en agosto, Ana Cotoré compartiu co público o proceso do proxecto ***No necesito un nombre para ser mascota.*** O mes pechouse coa mostra do alumnado da formación específica en improvisación teatral da USC Formatia.

O **Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán**, impulsado por Fegatea co apoio da Xunta, volveu ter no Salón Teatro unha das súas sedes, coa representación de dúas obras a comezos de setembro.

Xa en outubro, reestreamos a nosa produción ***Terceiro acto,*** da que ofrecemos funcións ata o día 20. Neste mes houbo **visitas dramatizadas** para conmemorar o 25º aniversario da recuperación e reapertura do

Salón Teatro, ademais dunha residencia artística con Liat Farris Twaina, procedente do Teatrul Evreiesc de Stat, de Romanía, no marco do proxecto Phōnē. Como parte desta iniciativa europea, estreamos a coprodución do CDG e o Theater Bautzen ***Lémbrame, Spominaj na mnje*** como cita destacada do festival Galicreques.

Neste mes volvemos recibir alumnado da ESAD, nesta ocasión con motivo do programa de formación **CDGLab**, impulsado polo CDG coa escola, e fomos escenario do acto de peche da aceleradora músical ***Sonemerxente,*** desenvolvida en colaboración coa Fundación Paideia Galiza. Así mesmo, un ano máis acollemos a fase final de teatro do certame **Xuventude Crea**.

Novembro arrincou coa representación de ***Miles Gloriosus*** a cargo de Teatro Muxicas, un espazo de creación artística formado por actores e actrices invidentes ou con discapacidade visual fundado pola ONCE de Ourense. Como vén sendo habitual, este mes dedicouse a ofrecer boa parte da programación do festival audiovisual **Cineuropa**, organizado polo Concello de Santiago de Compostela e, xa a finais dese mes, volveu **D10! Encontro para a formación e innovación no circo**, do que exhibimos tres espectáculos.

Decembro comezou no Salón Teatro con radio, xa que fomos escenario da gravación do programa da Cadena Ser ***Un libro, una hora***, conducido por Antonio Martínez Asensio, e que contou coa participación do escritor Manuel Rivas e con actuacións de Eugenio Barona, Tito Asorey e Melania Cruz. Retomamos o ciclo **Quintas do Camões** coa obra do Teatro do Noroeste ***Salgueiro Maia: cartografía dun monólogo*** e ofrecemos a peza ***Agamenón, volvín do supermercado e deille unha malleira ao meu fillo,*** da Aula de Teatro da USC.

O número de actuacións escénico-musicais e de proxeccións audiovisuais acollidas no Salón Teatro ao longo do ano foi de 159, o que supuxo un total de 305 xornadas de apertura ao público.

No que se refire á difusión internacional, cómpre sinalar o novo acordo asinado coa emblemática mostra **Dansa València,** en virtude do que dúas figuras xa destacadas na danza galega actual, como son Paula Quintas e Marcia Vázquez, actuaron no certame que acolleu a capital valenciana en abril.

Nesta liña, apoiamos a participación de Os Náufragos Teatro no **congreso mundial da ASSITEJ,** Asociación Internacional de Teatro e Artes Escénicas para a Infancia e a Mocidade desenvolvido do 24 de maio ao 1 de xuño na Habana (Cuba). Ofreceu dúas funcións do espectáculo *Hugo*, ademais de participar no encontro *Diálogo con creadores*, aberto ao público e ao resto de profesionais acreditados.

Tamén cinco compañías coprodutoras e distribuidoras de danza galegas viaxaron en agosto á **Internationale Tanzmesse de Düsseldorf** (Alemaña), o maior encontro profesional do mundo en danza contemporánea, no que se dan cita cada ano empresas, artistas, programadores internacionais e responsables de festivais interesados na creación coreográfica europea. Amarelo Distribución, Kirenia Danza, La Guajira, Nova Galega de Danza e Paula Quintas Cía., ademais do Centro Coreográfico Galego, compuxeron a delegación galega que participou neste evento de xeito coordinado por vez primeira pola Xunta.

En outubro celebrouse a **27ª Fira Mediterrània de Manresa** cunha programación na que figurou Nova Galega de Danza co espectáculo *Dique*, como un dos tres proxectos seleccionados entre máis de 30 candidaturas do noso territorio para participar no mercado catalán co que colaboramos ao consideralo un evento estratéxico de relevancia para avanzar na proxección exterior da música e a danza de Galicia. As outras dúas propostas galegas foron do eido musical, con Mondra e Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre.

Outra das accións na que colaboramos con repercusión no apartado de difusión foi o **III Ciclo de Artes Vivas de Mediación e Exhibición**, organizado pola Asociación A Casa Vella e que se desenvolveu no segundo semestre do ano nos concellos de Allariz, Vilar de Santos, Xunqueira de Ambía, A Bola, Maceda e Ribadavia. Participaron 14 proxectos artísticos de 25 artistas procedentes de Canarias, Madrid, Arxentina, Costa Rica, México, Portugal, Cataluña, Cuba, Valencia, Ávila, Baleares, Estremadura e Castela e León.

2.3 Formación e innovación

En colaboración coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración puxemos en marcha a primeira e pioneira edición dun **proxecto de mentorizaxe e titorización** específico para os grupos gañadores da especialidade de Teatro do Xuventude Crea 2023, co obxectivo de desenvolver un plan empresarial con encaixe no mercado que permita abrir novas oportunidades laborais para a mocidade.

O proxecto asentouse en tres sesións formativas presenciais, dúas delas focalizadas na formación en creación do modelo de negocio que foron impartidas pola Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego. A terceira, de mentorización, estivo a cargo de especialistas no ámbito da produción teatral, para traballar como levar a cabo o modelo de negocio.

Ademais, promovemos o curso **Deseño de Programacións de Artes Escénicas,** a través da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC), con sete sesións entre abril e maio nas que participaron sesenta profesionais que completaron todas as prazas ofertadas. Froito do diálogo permanente co sector, neste caso para responder ás necesidades formativas, o curso contou con 23 docentes con acreditada experiencia, como son Manuel Guede, Santiago Cortegoso, Paula Quintas, Afonso Becerra, Diego Vázquez Meizoso, Marta Alonso, Carmen Castro, Nacho Fungueiriño, Gonçalo Guerreiro, Patricia Hermida, Inma López Silva, Carlos Lorenzo, Kirenia Martínez, Fefa Noia, Fran Núñez, Belén Pichel, Pilar Portela, Fran Rei, Paulo Rodríguez, Miguel Soto, María Torres, Artur Trillo e Manuel Vieites.

Os contidos do itinerario formativo abrangueron un amplo abano de temas e recursos útiles sobre estratexias de programación, modelos de produción e financiamento, aspectos normativos ou achegamento aos materiais técnicos nos espectáculos. Tamén a historia das artes escénicas en Galicia, o seu impacto sociocultural, o papel dos premios e da crítica, ou as particularidades do teatro infantil.

Do mesmo xeito, seguimos colaborando coa Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega) para o desenvolvemento de diversas iniciativas de **formación, capacitación e acompañamento profesional,** de actuacións específicas de difusión e promoción e doutros proxectos enfocados á xeración de oportunidades e dinamización sectorial. Entre elas estivo a **IV Xornada de Venda e Promoción Escénica e Musical**, na que participaron máis dun centenar de profesionais de Galicia e Portugal, que asistiron durante todo o día a un programa conformado por presentacións en formato *showcase*, sesións de *networking* e 300 xuntanzas de traballo entre máis de 60 representantes de compañías escénicas, empresas promotoras, bandas de música e distribuidoras que presentaron as súas propostas a 40 responsables de programación.

Continuando no marco da formación, o Centro Dramático Galego renovou en colaboración coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) **CDGLab**, un espazo de encontro entre a formación e a profesión para facilitarlle ao alumnado a adquisición de competencias máis aló das impartidas no ámbito académico. En 2024 houbo visitas de estudantes ao Salón Teatro e abriuse a liña dos acompañamentos pedagóxicos, nos que profesionais de contrastada experiencia impartiron obradoiros e guiaron os proxectos interdisciplinarios aos que se enfronta o alumnado do último curso.

Un ano máis apoiamos a Pistacatro na organización da novena edición de **D10! Encontro para a formación e innovación no circo**, que se desenvolveu do 26 de novembro ao 4 de decembro co Salón Teatro e a Cidade da Cultura de Galicia como dúas das súas sedes, ademais de estenderse a Pontevedra no marco da feira Culturgal. O evento articulouse arredor dun programa cunha ducia de laboratorios de investigación e creación, coloquios e espectáculos, para os que contou coa participación de diferentes colectivos e compañías de Galicia, Cataluña, Madrid, Alemaña e Francia.

Incidimos nos ámbitos formativo, investigador e de promoción do circo galego cunha serie de accións específicas en convenio coa Asociación de Profesionais do Circo de Galicia. Estas concretáronse nun curso de adestramento e composición actoral, a creación dun arquivo dixital e a primeira edición dos **Premios de Novo Circo Galego Manu Lago,** que se outorgaron no mes de decembro ás compañías Pistacatro, N+1 Alfredo Pérez Muíño e á asociación Circonove.

A maiores, colaboramos no programa da USC ***Faíscas Culturais***, que ten como obxectivo promover a reflexión cultural entre o alumnado e complementar a súa formación a través de intervencións e actividades de carácter cultural. A colaboración centrouse na realización de obradoiros, coloquios e outras propostas en relación cos espectáculos *Manuela Rey Is In Da House* e *Terceiro acto*.

Por outra banda, a aula da sede do **Centro Coreográfico Galego** na Coruña acolleu os días 22 e 23 de abril dúas sesións de danza clásica a cargo da mestra Belén Vázquez, á que asistiron 16 bailarinas da escola de Ruth Page de Chicago (EE UU). Dentro do marco formativo do CCG, tamén se levou a cabo o curso *Body Weather Laboratory*, que impartiu Oguri, coreógrafo e artista internacional de orixe xaponesa e residente en California, do 7 ao 9 de maio no Teatro Ensalle de Vigo coa participación de 14 asistentes.

2.4 Outras accións de dinamización

Danza en el Camino, o festival itinerante de creación coreográfica enmarcado no programa do Certamen Internacional de Coreografía Burgos & Nueva York, repetiu parada en Galicia co noso apoio en colaboración coa compañía galega SóLODOS. Ao longo de xullo o evento recalou en Portomarín para culminar a ruta en Santiago de Compostela, onde viaxou a través de diversas localidades do Camiño Francés coas pezas *Diva*, de Giovanni Insaudo, *Nakama*, de Miguel Álvarez e Javier Peláez, e *Entre pasos y encuentros*, de Carlos Aller e Cecilia Bartolino.

O **Festival Abanea** volveu contar coa nosa participación na súa terceira edición, celebrada entre o 17 e o 21 de xullo con 16 funcións de 10 compañías nos concellos de Foz, Outes, Ames, Marín e Allariz. ISMO Cultura, colectivo organizador do encontro, espallou así a actividade do certame ás catro provincias, ás que levou pezas de non máis de 20 minutos de duración, de base contemporánea, que dialogan con outros estilos como as danzas urbanas ou o ballet clásico, creadas, producidas e interpretadas por profesionais de Galicia, México, Portugal, Madrid, Cataluña, Andalucía e Euskadi. Houbo tamén residencias, encontros profesionais e mediación co público.

Repite nesta liña de acción o festival **6coreógrafas,** organizado polo concello da Estrada no marco do Día internacional da danza. Desenvolveuse os días 29 e 30 de abril con catro espectáculos galegos, obradoiros e encontros co público. A mostra incluíu a peza multidisciplinar *SET*, de Paula Quintas Cía, *Pink Unicorns*, de La Macana en coprodución co Centro Coreográfico Galego, *Pel continua*, de Pisando Ovos, e *Mortais e vulnerables*, de Furia Sotelo.

En outubro desenvolveuse a cuarta edición deste festival de danza e artes do movemento co noso apoio, cun cartel con catro espectáculos galegos e dous obradoiros para achegar esta disciplina á cidadanía. Incluíu as propostas *Intempestiva*, de Elahood, *Mesura*, de Raquel Ferradás baixo a produción de Amarelo e Manu Lago en coprodución co CCG, *Minguantes*, de La Guajira, e *Dance Join*, de Marta Alonso.

Apoiamos o programa **TRC Danza,** organizado polo Teatro Rosalía Castro da Coruña para promover as artes do movemento coa exhibición de 13 espectáculos e 39 actividades de mediación para o fomento de públicos arredor desta disciplina escénica. Programada en dous bloques temporais de primavera e outono, ofreceu tres pezas programadas no marco da Rede Galega de Teatros e Auditorios e outras propostas creadas coa contribución das subvencións á creación escénica ou como coprodución co Centro Coreográfico Galego, ademais de acadar un patrocinio específico para todas as citas de mediación.

Galicia Escena PRO, o mercado de artes escénicas froito do noso apoio ao funcionamento da principal organización do sector, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas Escena Galega, chegou á súa undécima edición cunha vintena de espectáculos, 12 presentacións rápidas tipo *pitching*, dúas mesas redondas sobre os principais retos no eido da programación cultural e un concerto. Desenvolvido do 27 ao 30 de maio, as xuntanzas concertadas entre os máis de 180 profesionais acreditados roldaron o medio millar.

Actuaron Xarope Tulú con *A teteira de Kabul*, Os Náufragos Teatro con *Noso* e A Feroz con *Frío,* Paporrubio con *E entón, un xardín*, Elefante Elegante con *Kyoki*, Souvenir con *Non é unha canción*, SU.MA con *Glamping*, Antagonista Teatro con *Insubmisa*, e Paula Pier con *Eu, Fraude!* .Tamén estiveron Raquel Ferradás & Amarelo con *Mesura*, Tanit Cobas con *The Exposure*, Barafunda Teatro con *A vida, un frenesí*, Sarabela Teatro con *O dragón de ouro*, Colectivo D'Elas con *É difícil fotografar o baleiro*, Pérez & Fernández con *Nanai da China*, ButacaZero con *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*, Fran Sieira, Compañía de Danza con *Ceibe* e Elvi Balboa con *Anöa*.

Polo que respecta aos proxectos que se avanzaron nas presentacións breves, foron *#Influencers* por Negro López, *Al! Perfecto* por Compañía Humana, *Cortello de amor* por Amorodio Teatro, *Heroes en decembro* por Ancoraxe e Vórtice Escénico, *Reconversión* por Ibuprofeno Teatro, *Un deus salvaxe* por Talía Teatro e *Vitória* por Iria Pinheiro. A estes sumáronse DESFOGA con *As terras do mar*, SÖA con *Collige virgo rosas*, Furia Sotelo con *Sobre o extravío ou a arte de perderse*, Daniel Rodríguez con *Transeúnte* e Magia en la Manga con *Triscos de maxia*.

As mesas redondas desenvolvidas centráronse nos retos dunha programación cultural profesionalizada e na inclusión e diversidade.

Así mesmo, estivemos nas **II Xornadas da Academia Galega de Teatro,** que debateron sobre o actual sistema de programación escénica que se lle ofrece ao público desde as entidades locais galegas. Máis de 30 persoas participaron nas sesións, desenvolvidas baixo o lema *O deseño das programacións teatrais galegas. Na procura dun modelo cooperativo*. O programa de faladoiros e sesións de debate estivo a cargo de axentes culturais de varias entidades locais con responsabilidades na programación de espectáculos escénicos e representantes das principais empresas do sector. A proposta deste encontro partiu da necesidade de buscar un modelo estable nas carteleiras de teatro que se levan a cabo desde as administracións locais na procura dun sistema que dea solución á realidade complexa e diversa que existe na actualidade.

Outra das nosas iniciativas a prol do fomento da actividade escénica en 2024 foi a terceira edición da **Bolsa de dramaturxia e creación,** na que resultou elixido o proxecto *Santa Bárbara*, do autor, director e actor Santiago Cortegoso. Trátase dunha proposta sobre a Fábrica de Armas coruñesa do mesmo nome que arranca no ano do seu peche, en 2017, para contar a historia dunha filla e do seu pai, quen traballou na empresa desde os 17 anos ata alcanzar un posto de alta dirección nela. O conflito prodúcese cando a filla, na súa madurez, adquire uns valores políticos e sociais que chocan contra o que representa o seu pai. O autor contará cunha achega de 6.000 euros para a creación do texto teatral, que se levará á escena en coprodución co CDG a través dunha nova convocatoria para a selección da compañía encargada de escenificala.

Seguimos colaborando en proxectos doutras institucións e entidades sectoriais, como **Camiño Escena Norte,** o programa de teatro e danza promovido por Escena Galega para o intercambio cultural entre as comunidades polas que discorre a ruta xacobea do Camiño do Norte. Este ano amplioue de 11 a 13 o número das localidades que, do 13 de setembro ao 27 de outubro, recibiron propostas chegadas do resto dos territorios participantes.

As compañías asturianas Adrián Conde Espectáculos, Teatro Plus e La Westia Producciones; as cántabras Ruth Garreta-El Conejo Salvaje e Hilo Producciones; as vascas Panta Rhei, Marie de Jongh, K. Producciones-Tanttaka Teatroa; e as navarras Yarleku-El Punto Gunea, Estefanía de Paz Asín e Pájaros Pintados Creación Teatral presentaron as súas montaxes máis recentes en Santiago de Compostela, Foz, Outes, Vilalba, Sobrado dos Monxes, Melide, Carballo, Vimianzo, Ames, Arzúa, Ribadeo, Lugo e Viveiro.

Pola súa banda, as compañías galegas Ibuprofeno Teatro, Colectivo Glovo e Píscore levaron os seus espectáculos a 14 escenarios do norte peninsular, mentres que Furia Sotelo participou nas estadías artísticas *Cruzamentos* dentro das actividades paralelas desta iniciativa.

Noutra liña de intercambio, tras unirnos en 2022 ao proxecto europeo **Phōnē,** no que, ademais de España, participan Alemaña, Francia, Irlanda, Italia, Noruega, Países Baixos e Romanía co obxectivo de contribuír á salvagarda da diversidade cultural e lingüística en Europa conectando as persoas a través do teatro, este ano participamos nun encontro creativo de teatro desenvolvido a inicios de xullo na cidade de Bruneck, no Tirol do Sur (Italia).

Durante unha semana de traballo, xuntáronse na rexión alpina 40 persoas seleccionadas dos espectáculos de teatro amador baixo a dirección de Andrew Siddall, profesor na Universidade Metropolitana de Londres, creador e deseñador de produción que traballa en eventos artísticos en directo, teatro, instalacións e espectáculos ao aire libre. En representación de Galicia asistiron Pablo Fernandez Bello, Lucía González Carballás, Antonio Vázquez Turnes e Reyes López, pertencentes a diferentes grupos da Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea) e que xa actuaron no espectáculo *O corazón na boca*, coproducido polo CDG tamén no marco do proxecto Phōnē.

Outro proxecto de proxección internacional no que seguimos avanzando a través do Centro Dramático Galego é **Nós/Nous**, coa estrea en 2024 da coprodución *Na hora dos cans*. Afianzamos así o marco de actuación internacional da nosa unidade de produción teatral, ao tempo que estimulamos a profesionalización do alumnado da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia que -xunto á Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto, a Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa e a École Nationale Supérieure des Arts et Techniques du Théâtre de Lyon- é un dos catro centros de ensino participantes.

O proxecto Nós/Nous está financiado polo programa europeo Erasmus+K2 co obxectivo de afondar no coñecemento da cultura teatral entre os tres países, construíndo un territorio escénico común. O Teatro São João no Porto, o Teatro Nacional Dona María II en Lisboa, o Les Célestins, Théâtre de Lyon e o Salón

Teatro en Galicia completan a estrutura desta iniciativa, que ten como obxectivo promover a práctica teatral e o intercambio exterior de estudantes de Arte Dramática no treito final do seu período académico, dándolles a oportunidade de traballar con figuras consolidadas do sector.

No marco das nosas accións de colaboración internacional e intercambio, en outubro chegou a Santiago a produción do Teatro Nacional São João de Porto ***As bruxas de Salem,*** dirixida por Nuno Cardoso a partir do texto orixinal de Arthur Miller. O Centro Dramático Galego en colaboración co Concello de Santiago de Compostela posibilitou esta representación no marco das liñas de traballo abertas entre a unidade de produción teatral da Xunta coa escena lusa e da carteleira **Quintas do Camoẽs**.

Ao abeiro deste ciclo promovido xunto co Camões-Centro Cultural Portugués en Vigo co obxectivo de poñer o foco nas raíces comúns dos idiomas galego e portugués, así como de estreitar lazos entre o teatro e a cultura de ambos os países, en decembro foi a quenda da compañía lusa Teatro do Noroeste-Centro Dramático de Viana co espectáculo ***Salgueiro Maia: cartografía de um monólogo,*** escrito e interpretado por Ricardo Simões a partir da obra *Capitão de abril: memórias da guerra do ultramar e do 25 de abril,* de Salgueiro Maia.

En canto aos **Premios de Teatro María Casares,** que en 2024 chegaron ao seu 28º aniversario, colaboramos un ano máis na súa celebración no marco do acordo asinado coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), organizadores desta convocatoria anual en recoñecemento público ao traballo dos profesionais do teatro galego. Nesta edición, na que houbo a maior inscrición da súa historia, competiron polas 16 categorías convocadas 19 espectáculos.

As propostas gañadoras coñecéronse como vén sendo habitual no decurso da gala desenvolvida no Teatro Rosalía Castro da Coruña. Entre elas cómpre sinalar as producións do CDG *Shakespeare en Roma*, co premio a actor protagonista para Toni Salgado, e *Un hotel de primeira sobre o río*, con Gonçalo Guerreiro e María Torres recoñecidos pola dirección de movemento, así como a coprodución *O auto do Castromil*, con Producións Teatrais Excéntricas, que levou os galardóns nas categorías de dirección para Quico Cadaval, neste caso exaequo con Tito Asorey por *Unha inimiga do pobo*, e vestiario para Carlos Alonso.

Ademais de impulsar as artes escénicas con axudas para a súa exhibición e distribución, apoiamos tamén a creación literaria en galego no eido teatral a través dos tres **premios de literatura dramática** que convocamos bienalmente. AveLina Pérez, Carlos Labraña e Andrea Cid Freire alzáronse coas diferentes modalidades. No caso de AveLina Pérez, obtivo o **XXVII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais** coa obra *Incidencia muller pedra*, mentres que Carlos Labraña resultou dobremente galardoado ao conseguir **o XIII Manuel María de literatura dramática infantil** por *O carteiro de Ximaraos* e o **XVI Barriga Verde para teatro de monicreques na modalidade de adultos** por *O Faro*. O **Barriga Verde na categoría de textos para público infantil** foi para Andrea Cid Freire por *Manchea*. A convocatoria conxunta destes galardóns suma unha dotación de 26.000 euros.

Nesta mesma dinámica de apoio á dramaturxia galega e á súa difusión sitúase a colaboración no VIII Torneo de Dramaturgia celebrado en Madrid baixo a produción do Teatro Español e LAZONA, onde na citada edición representou a Galicia Fran Godón. Este orixinal formato ideado por Jordi Casanovas ten tamén a súa versión no marco da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Tanto a iniciativa madrileña como a galega contaron coa colaboración do Centro Dramático Galego.

2.5 Producións e coproducións de espectáculos

En abril estreamos no Salón Teatro ***Os actos e as profecías,*** a produción central do 40º aniversario do CDG, da que se desenvolveron 48 funcións ata o 26 de maio. Tamara Canosa dirixiu esta proposta enmarcada no proxecto europeo Phōnē, á que lle deron vida 20 intérpretes, constituíndo un dos elencos máis numerosos da compañía pública nestas catro décadas de historia. Co mundo dos *talentshows* como punto de partida, *Os actos e as profecías* lanza ao aire cuestións como o lugar do público na creación, a fama, a competición e as decisións vitais marcadas pola procura do éxito.

As interpretacións correron a cargo de Sergio Abelaira, Marta Alonso Tejada, Mónica Camaño, Miguel Canalejo, Isolda Comesaña, Manuel Cortés, Antón Coucheiro Cou, Iván Davila, Raquel Espada, Xosé Manuel Esperante, Alba Fernández Cotelo, Sara Ferro, Atenea García, Miguel Gendre, Raquel Nogueira Watson, Alba Recondo, Ana Santos Maneiro, Lois Soaxe, Jorge Varandela e Antía Vidal.

O 3 de outubro o Salón Teatro acolleu a reestrea de ***Terceiro acto,*** produción propia de 2021. O espectáculo permaneceu en cartel na capital de Galicia ata o día 20, para iniciar despois unha xira por Lugo, Narón, Tui, Pontevedra, O Barco de Valdeorras, Cedeira, A Coruña e Ourense. Materializouse así unha xira que en 2021 non foi posible realizar por mor da pandemia, co que se optimizou a distribución e a rendibilidade social do espectáculo. A peza, con dirección e dramaturxia de Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez, contou desta volta coas interpretacións de Belén Constenla, Fernando Morán, César Cambeiro, María Costas e César Goldi. Os tres últimos tomáronlle o testemuño a Tatán R. Cunha, Mabel Rivera e Roberto Leal, integrantes do primeiro elenco reunido hai tres anos. *Terceiro acto* ofrece unha reflexión sobre a última etapa da vida á vez que reivindica o papel das persoas maiores na sociedade actual.

O número de funcións realizadas polos dous espectáculos de produción propia do CDG foi de 70.

Como xa vén sendo habitual, en todas as producións estreadas polo CDG funcionou o programa de mobilidade que permitiu desprazar público de numerosos concellos, centros de ensino e outras entidades a través da contratación de autobuses, tanto para as funcións no Salón Teatro como nas da xira. Estas pezas contaron ademais co pioneiro sistema inclusivo SINTE, creado polo Centro Dramático Galego e que permite dispoñer de interpretación en lingua de signos en todas as funcións mediante proxeccións e de subtitulado para descargar nos dispositivos móbiles.

No plano editorial, a colección de libros ***O papel do teatro*** que publicamos en colaboración con Edicións Positivas para difundir os textos das producións propias e algunhas coproducións do CDG, sumou en 2024 dous novos títulos: *Manuela Rey Is In Da House* e *Os actos e as profecías,* que viñeron a ocupar os números 14 e 15 da serie e pasaron a estar á venda en liña na Libraría Institucional da Xunta de Galicia e nos principais establecementos físicos.

En 2024 seguimos impulsando as **coproducións** no marco da nosa aposta pola dinamización da escena e polo reforzo da colaboración cos axentes do sector escénico e con outras entidades culturais.

No eido do teatro, estreamos as primeiras coproducións do ano en febreiro na Cidade da Cultura de Galicia no marco do ciclo Clásicas Desfeitas, con ***Hamlet, o de Cunqueiro,*** creada polos profesores da Universidade de Vigo Beatriz Legerén e Antonio Pena, mesturando a linguaxe escénica e a interactividade propia dos videoxogos para crear unha obra de teatro inmersiva e itinerante. No traballo escénico destacou a colaboración da Cia. Teatral Boccaccione de São Paulo e o grupo teatral galego Marinita y sus Maromas.

Neste mesmo ciclo integrouse tamén o díptico teatral de Antón Reixa e Antela Cid *Míticas pero secundarias*. Por unha banda, o gobernador absoluto da illa de Samos, Polícrates, foi a fonte de inspiración para ***A infeliz felicidade e o prezo do aceite,*** unha sátira que relaciona o mito grego con Rosalía de Castro e, por extensión, coa idiosincrasia galega. Na segunda parte do espectáculo, ***Tres somos ti,*** tres mulleres silenciadas na literatura dramática clásica, Ismene, Crisótemis e Políxena, comparten un mesmo perfil, o de irmás (Ismene de Antígona, Crisótemis de Electra e Políxena de Paris), e tamén un desexo: o de sobrevivir nun contexto bélico creado e sostido polos intereses dos homes.

En marzo presentouse en Santiago de Compostela ***Manuela Rey Is In Da House,*** espectáculo da nosa unidade de produción teatral xunto ao Teatro do Noroeste-Centro Dramático de Viana, o Teatro Nacional D. María II de Lisboa e o Teatro Nacional São João do Porto. Fran Núñez asinou a dirección escénica e a dramaturxia desta peza, inspirada na esquecida historia da actriz galega Manuela Rey, quen na segunda metade do século XIX chegou a ser a grande estrela do teatro lisboeta.

Tamén en Santiago de Compostela, en abril foi a quenda de ***O corazón na boca,*** o proxecto de teatro comunitario en colaboración coa Federación Galega de Teatro (Fegatea) e a compañía Nauta Teatro, no marco do proxecto europeo Phōnē. O espectáculo contou coa dramaturxia de Nauta e dirección de Rafael Rey e nel participan trece actores e actrices membros dos diferentes grupos de teatro amador asociados á Fegatea. Os aderezos e vestiario desta peza realizáronse no marco da colaboración cos diferentes ciclos formativos do IES A Pinguela de Monforte de Lemos.

O proxecto escénico itinerante *A utópica rodante*, de Teatro Ó Cubo, arrincou motores en maio para se estrear en Negueira de Muñiz, a primeira das preto de 100 vilas polas que pasou a obra de monicreques ***De Vilatriste e Vilalegre,*** outra das coproducións do CDG e o evento conmemorativo de maior descentralización e penetración territorial dos programados para o 40º aniversario da compañía institucional. A partir dun texto orixinal de Roi Vidal Ponte, Sofía Espiñeira e Roberto Casal (que comparte interpretación

e manipulación de bonecos con Uxía Caxide) dirixen unha peza para todos os públicos e concibida para ser representada en espazos abertos.

Tras a súa estrea na cidade portuguesa do Porto, en xullo presentouse no Salón Teatro ***Na hora dos cans,*** unha cocreación coa dramaturga Ana Carreira, o director Nuno M. Cardoso e o equipo do proxecto europeo Nós/Nous. Coa premisa de creación dunha dramaturxia colaborativa, a peza desafiou oito novos actores e actrices a explorar as súas ideas sobre o futuro, a rebeldía e a liberdade a partir dos seus referentes literarios, académicos, plásticos e mesmo vitais.

O Galway International Arts Festival acolleu a seguinte estrea, o 25 de xullo, con ***An Fear Liath,*** unha peza creada en coprodución co Teatro Nacional de Irlanda e o Tryater de Países Baixos, no marco do proxecto europeo Phōnē, e que aborda as traxedias no mar. Na montaxe, que se desenvolveu ao aire libre no peirao de Claddagh, participaron máis de 30 persoas, entre intérpretes, manipuladores e mergulladores.

Un día despois, presentouse na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia ***Nada se sabe,*** un pioneiro espectáculo arredor da inclusión, creado xunto á produtora Culturactiva. O espectáculo afonda na liña de traballo inclusivo da compañía pública, ao levar ao escenario dúas actrices e dous actores con diversidade funcional que repasan diversas versións da discapacidade no teatro clásico, deténdose nunha adaptación moderna e sinxela de *Filoctetes,* unha das traxedias gregas de Sófocles, asinada por Manuel Lourenzo.

Xa en setembro, estreouse na localidade portuguesa de Póvoa de Varzim, como parte da 15º edición do festival É-Aqui-in-Ócio, ***Territórios de liberdade,*** coproducido xunto á compañía galega Tanxarina Títeres e a portuguesa Varazim Teatro. A peza, con dirección de Quico Cadaval e dramaturxia de Zé Paredes, trata sobre a liberdade en diferentes territorios dun e doutro lado das fronteiras e ofrece historias contadas en varias épocas e a través de dous ollares opostos que, en realidade, teñen como único horizonte a liberdade.

Neste mesmo mes presentouse en Rianxo ***Entrepalav-bras*** xunto á galega ButacaZero e a lusa TEatroensaio, un proxecto de investigación sobre o impacto do teatro nas mudanzas sociais. O espectáculo está composto por dúas pequenas pezas escénicas en formato monólogo. Así, *Fracturas* conta a historia dunha muller escondida nun búnker, perdéndose e encontrándose consigo mesma e coas súas memorias e afrontando a dura tarefa de non perder as palabras, e *Ergue o cu,* que pretende reflexionar sobre a necesidade do teatro político e convida a pensar no compromiso que temos, como público, á hora de entrar no teatro.

Vimianzo acolleu en outubro a peza ***As formas do amor,*** posta en marcha pola compañía compostelá Verdeveras Expresións Artísticas. Nela, a dramaturga e actriz María Ángeles Iglesias presenta en clave de humor unha obra de teatro sobre as relacións amorosas, con Gena Baamonde na dirección.

Neste mesmo mes, como parte da programación do Festival Internacional Galicreques de Santiago de Compostela, tivo lugar a estrea de ***Lémbrame, Spominaj na mnje,*** proxecto desenvolvido xunto á compañía

alemá Deutsch-Sorbisches Volkstheater Bauizten no marco do proxecto europeo Phōnē, baixo a dirección de Tim Heilmann e con dramaturxia dos galegos Rafa Rey, Alba Grande e Borja Insúa.

En novembro viu a luz en Galicia, tras o seu paso por Portugal, ***Frágua de amor,*** de Gil Vicente, espectáculo montado con seis estruturas culturais lusas: Escola da Noite-Grupo de Teatro de Coímbra, Artway, Cendrev-Teatro García de Resende, O Bando de Surunyo, Teatro Académico de Gil Vicente e Teatro Nacional São João. A peza, escrita en 1524 para celebrar o casamento de D. João III con Catarina de Habsburgo, está dirixida por António Augusto Barros cun elenco de nove intérpretes e música en directo. A estrea foi no Salón Teatro.

O número de funcións realizadas polas 14 coproducións do CDG en 2024 foi de máis de 200.

Canto ao eido da danza, a primeira estrea dunha das coproducións do Centro Coreográfico Galego foi en abril, no marco do festival TRC Danza, integrado na programación da RGTA do Teatro Rosalía Castro da Coruña. Tratouse da proposta muldisciplinar sobre o cotián ***Anöa,*** de Elvi Balboa, concibida como un ritual que ten a vontade de mostrar a máscara que nos impoñemos, a vulnerabilidade de cinco corpos en movemento que anhelan chegar ao clímax.

En maio, no marco do festival Escenas do Cambio, presentouse na Cidade da Cultura de Galicia ***Millo vello*** da compañía Ay, Cariño!, que desde 2023 abriga o traballo creativo conxunto de Cris Vilariño e Diego M. Buceta. A peza é unha práctica performativa onde corpos e obxectos dialogan coa música en directo.

Despois da súa estrea en maio, durante o resto do ano continuaron as representacións de ***Dique***, de Nova Galega de Danza, cun equipo artístico e técnico integramente feminino e con Marta Pazos á fronte da dirección escénica e da dramaturxia. Adxudicataria en 2023 do primeiro contrato de coprodución para creacións de gran formato, *Dique* pon en diálogo a danza contemporánea e a danza tradicional galega nunha conversa que reflicte a conexión entre o pasado e o presente para recuperar a historia esquecida das máis de 200 mulleres que traballaron na construción do Dique da Campá de Ferrol.

Con coreografía de Belén Martí Lluch, o corpo de baile integrárono oito bailarinas: Nuria Alaña, Carmen Cebrián, Alba Cotelo, Estefanía Gómez, Alicia López, Laura Santamariña, María de Vicente e Inés Vieites.

SóLODOS abriu en agosto a nova temporada de estreas do programa anual de coproducións do Centro Coreográfico Galego, con ***Mover cenizas*** no municipio ourensán de Xunqueira de Espadanedo. O espectáculo inspirouse na vaga de lumes que asolaron a provincia de Ourense en 2006. A cinza aparece como residuo do arrasado, do deserto e da poética do que queda, do que perdura e como se transforma, construíndo a partir dos bosques convertidos en po unha metáfora do rexurdimento, un convite a habitar o presente para continuar polo camiño da vida.

Xunto con esta peza, resultaron beneficiarias da convocatoria dotada con 54.447 euros para coproducións de danza ***Cicatriz,*** de Kirenia Martínez, e ***Transeúnte,*** de Daniel Domínguez, que se estrearían en 2025.

As catro coproducións estreadas polo Centro Coreográfico Galego en 2024 sumaron 15 funcións. Canto ao número de días de uso da aula de danza deste espazo, ascendeu a 231 xornadas.

2.6 40º aniversario do Centro Dramático Galego

No eido escénico, 2024 foi sen dúbida un ano marcado polo **40º aniversario do Centro Dramático Galego.** Con motivo desta celebración, reforzamos o papel da nosa compañía pública como referente cultural e avanzamos no compromiso coa inclusión, a internacionalización e a sustentabilidade a través dunha ampla variedade de proxectos que se estenderon a 160 concellos das catro provincias e a 11 países, como acabamos de debullar nos diferentes apartados desta memoria.

Entre estas propostas, destacan os 16 espectáculos nos que intervimos, con dúas producións propias (*Os actos e as profecías* e *Terceiro acto*) e 14 coproducións con formacións de dentro e fóra de Galicia, sumando máis de 300 representacións.

Para esta intensa actividade, o CDG contou cun orzamento de 690.000 euros. Por outra banda, o conxunto dos programas europeos, coproducións e colaboracións nos que participou durante o ano pasado superou o millón de euros en achegas por parte do resto de entidades implicadas.

Estas cifras teñen a súa repercusión, así mesmo, no emprego no conxunto do sector teatral galego, xa que só no ámbito das producións propias, se investiron máis de 300.000 euros na contratación directa de 47 intérpretes tanto nos espectáculos en exhibición como naqueles en fase de ensaios. Súmanselles, ademais, os máis de 60 actores e actrices que integraron os elencos das coproducións e a implicación dun centenar de profesionais doutros oficios escénicos nos diferentes equipos, de xeito que a cifra de persoal artístico mobilizado en 2024 superou as 200 persoas.

Entre os fitos cómpre sinalar tamén as iniciativas centradas en promover a accesibilidade e a diversidade, tanto nos formatos das producións como nos públicos aos que se dirixiron. Neste sentido, o programa de mobilidade *Sobes ao autobús do teatro?* foi unha acción clave para mellorar o acceso ás artes escénicas en toda Galicia, permitindo que comunidades rurais ou máis afastadas puidesen gozar da programación do CDG en Santiago de Compostela.

Para *Os actos e as profecías* habilitáronse 26 rutas gratuítas de autocares con percorrido por 45 concellos, mentres que para *Terceiro acto* foron 24 os autobuses que trasladaron espectadores desde 48 municipios. Saímos tamén ao encontro do público nas xiras desta segunda proposta, que puido verse noutros oito escenarios galegos, e con *A utópica rodante*, que levou a coprodución *De Vilatriste a Vilalegre* a máis de 100 localidades.

A inclusión é outro do eixes de traballo nos que afondamos, ofrecendo o noso pioneiro sistema SINTE (audiodescrición, signado e subtitulado, funcións descontraídas e visitas táctiles) en máis de 70 representacións de catro dos espectáculos. Ao tempo, puxemos o foco na formación e na inclusión de profesionais con diferentes tipo de discapacidade. Foi o caso, por exemplo, dos obradoiros nos que se seleccionaron os intérpretes de *Nada se sabe*.



Galicia Escena PRO

CDG: ***Os actos e as profecías***

Outro dos puntos destacados ten que ver coa internacionalización do noso teatro e dos seus profesionais a través de tres liñas estratéxicas: a conexión coa Galicia da emigración, a lusofonía e a relación con outros países con linguas minoritarias. En concreto, desenvolvemos unha intensa actividade como integrantes dos proxectos europeos Phōnē e Nós/Nous, ademais de facilitar a participación galega en cinco festivais de Portugal, Irlanda, Iraq e O Uruguai ou formar parte de sete coproducións coa Alemaña, O Brasil, Países Baixos, Portugal, Francia e Irlanda.

No que respecta á sustentabilidade, traballamos con outros teatros europeos na liña do Green Theater que, alén da transición ao formato led para a redución do consumo eléctrico na iluminación dos espectáculos, traballa fundamentalmente na reciclaxe e reutilización de escenografías e vestiarios.

3 | MÚSICA

SON EMER XENTE
XUNTA DE GALICIA


Sisons

RIQUELA CLUB

En 2024 démoslle a despedida á aceleradora musical Sonemerxente, despois de dúas edicións nas que puidemos acompañar máis de vinte novos talentos da nosa música no despegue das súas carreiras, ao tempo que lanzamos unha nova liña de axudas para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical, coa que seguimos contribuíndo ao lanzamento e consolidación de artistas. ■ Porén, o paso máis significativo neste ano neste eido foi a posta en marcha do Plan Estratéxico da Industria Musical, impulsado pola Asociación Galega de Empresas Musicais co noso apoio. Trátase, polo tanto, dun novo exemplo de colaboración entre Administración e sector co que queremos facilitar a creación dunha folla de ruta da man de quen mellor pode establecer as necesidades da nosa industria musical. O obxectivo é poder seguir deseñando medidas que lle dean respostas efectivas e contribúan á súa dinamización. ■ Sinalar tamén a continuidade das diferentes liñas de axudas á difusión, moitas delas reforzadas con incrementos, e que representan impulsos fundamentais para achegarlle ao público a diversidade das nosas músicas e o talento dos seus intérpretes, ao tempo que se estimula este importante mercado cultural e toda a cadea de valor que o integra.

3.1 Apoio á produción

Co comezo do ano arrincamos a segunda edición de **Sonemerxente,** a aceleradora musical posta en marcha a finais de 2022, cun orzamento de 240.000 euros ao abeiro dos fondos Next Generation EU e do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. A través dela buscamos impulsar o despegue de carreiras de novos talentos con especial potencial de proxección. Abril, Amoebo, Candela Liste, Catuxa Salom, Eris Mackenzie, Filloas, French Riviera, Futuro Alcalde, Habló Pablo, Javier Lago, Marián e Verter GZ foron os proxectos seleccionados para esta nova xeira da iniciativa, xestionada en colaboración coa Fundación Paideia Galiza.

O intenso calendario de actividades realizadas permitiulle a cada proxecto recibir unha media de 85 horas de titorías grupais e individuais a cargo de 37 profesionais de primeiro nivel, como o músico Carlangas, a produtora e presidenta da Asociación Galega de Empresas Musicais, Patricia Hermida, ou a produtora e manager Aitana Cuétara.

Tiveron tamén a oportunidade de traballar co realizador Xaime Miranda, quen acompañou a meirande parte dos participantes na creación dos seus videoclips, co produtor Juan de Dios Martín na realización de novos temas musicais ou coa directora de arte Laura Iturralde no deseño de escenografías e iluminación para os seus concertos.

Abordaron o discurso dos respectivos proxectos da man da actriz Mariana Carballal, a técnica vocal con Patricia Ferro, a creación musical co compositor Alberto Torres, a produción cos enxeñeiros de son Luis del Toro e Manuel Colmenero, as experiencias e estratexias no negocio da música en directo coa directora do WiZink Center, Paz Aparicio, e os seus plans de comunicación e materiais de lanzamento coas axencias The Office, Coma Comunicación e Trece Amarillo.

Contaron, ademais, con Sergio Tejerina, mentor e formador en emprendemento, para desenvolver os seus plans de negocio e coa terapeuta Susana Corbacho para tratar dos temas que afectan especificamente ao benestar emocional das persoas artistas.

Sonemerxente II centrouse igualmente na difusión dos proxectos participantes, aos que se lles facilitou preto de 50 accións de visibilización e promoción. É o caso das súas actuacións en festivais e eventos culturais organizados ou apoiados pola Xunta de Galicia, como o Festival de la Luz, O Son do Camiño ou o Nachiños Fest, e a participación en feiras como o V Encontro Profesional de Música MUMI ou nas residencias creativas da Fundación Paco de Lucía e do Náutico de San Vicente, no Grove.

O Salón Teatro acolleu en outubro o evento de peche desta segunda e derradeira edición, no que os grupos e artistas participantes no proxecto compartiron a experiencia vivida durante os nove meses de traballo. Nos seus dous anos de funcionamento, a medida sumou 22 beneficiarios que completaron o proceso de acompañamento.

A culminación da aceleradora musical deu paso a finais de 2024 ao lanzamento dunha nova liña de **axudas para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical,** a través da que se

invisten 150.000 euros no apoio integral ás carreiras de artistas e grupos que desenvolven a súa actividade habitual en Galicia.

O obxectivo é impulsar o talento musical galego, ao tempo que consolidar a cadea de valor desta industria cultural, de maneira que se favoreza a calidade dos proxectos, a profesionalización e a modernización, co foco posto no uso das novas tecnoloxías e a dixitalización.

As axudas, que se adxudican en 2025, van dirixidas a empresas galegas (pemes e persoas traballadoras autónomas) dedicadas ao *management* artístico ou á edición fonográfica para impulsar o despegue ou a consolidación dos artistas e bandas que representan a través de calquera dos ámbitos do proceso musical.

A convocatoria establece unha axuda máxima de 15.000 euros por proposta, cunha intensidade de ata o 75% do orzamento subvencionable, coa previsión de financiar un mínimo de 10 proxectos. Para a súa concesión, en réxime de concorrencia competitiva, valóranse as traxectorias da empresa e da formación musical para a que se solicita a axuda, así como o uso do galego ou a presenza feminina en postos relevantes do proxecto, entre outros aspectos.

Deste xeito, subvenciónanse gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de maio de 2026 relacionados coa creación, consolidación ou impulso da imaxe de marca do artista ou banda, os estudos de mercado e as estratexias de posicionamento, a concepción, o lanzamento e a presentación dun novo produto musical, os labores de promoción, ou a gravación e distribución de traballos discográficos.

Asumimos estas novas axudas con fondos propios, tras unha convocatoria anterior publicada en 2022 ao abeiro do Hub Audiovisual e da Industria Cultural Galega con cargo aos fondos Feder dentro do eixe React-UE, introducindo, como resultado do noso diálogo constante cos principais colectivos sectoriais, unha serie de modificacións nos requisitos de solicitude e nos criterios de selección para unha mellor adecuación á realidade do sector en Galicia.

3.2 Apoio á difusión e distribución

En 2024 démoslle un pulo ás subvencións para **actividades de distribución**, incrementando a dotación ata os 300.000 euros, un 30% por riba dos anteriores exercicios. Isto supuxo cambios na contía máxima por entidade subvencionada, que se situou nos 15.000 euros, así como no mínimo de funcións ou concertos das xiras propostas ou a posibilidade de incluír un 25% dos gastos xerais vinculados á actividade como parte do orzamento subvencionable. As novidades explicámolas nun webinario no mes de abril, ao que se conectaron máis de 80 profesionais da música e das artes escénicas, xa que a iniciativa vai dirixida aos dous ámbitos.

Entre as propostas apoiadas atópanse a xira europea de Caamaño&Ameixeiras, as de Budiño e Festicultores Troupe en Portugal, a estadounidense de Faltriqueiras con Ariel Ninas, a participación de Baiuca no Ariano Folk Festival de Italia e de Sumrrá nos certames de jazz de Mauricio e Illa Reunión, os concertos de celebración do 45º aniversario de Milladoiro ou as actuacións de Atrïo en Brasil e de Xurxo Fernandes en Suíza.

Fomentamos, así mesmo, a presenza de 19 empresas tanto en festivais como en feiras profesionais fóra de Galicia, como BIME Pro (Bilbao), Mercat de Música Viva de Vic, Fira Mediterrània de Manresa, Feria Internacional de la Música (FIMPRO) en México, Czech Music Crossroads en Ostrava (República Checa) e Womex en Manchester (Reino Unido).

Festivais

Outra importante liña de apoio á difusión céntrase nos **festivais,** aos que destinamos este ano unha dotación superior aos 320.000 euros polas convocatorias públicas, ademais doutras contías complementarias para iniciativas concretas. Os beneficiados foron 11 eventos profesionais de música de diferentes estilos a través dos patrocinios da marca FEST Galicia e da convocatoria anual de subvencións específica. Estas dúas liñas forman parte da estratexia da Xunta para impulsar citas destacadas do calendario galego de festivais, desenvolvéndose de xeito coordinado co apoio de Turismo de Galicia a diferentes encontros de música ao vivo agrupados baixo o título Concertos do Xacobeo.

Os festivais adheridos en 2024 ao selo FEST Galicia foron cinco, entre os que se distribuíron 270.000 euros: Rompetiño Jump Festival de Porto do Son, 17º Festival Ribeira Sacra en varios concellos desa zona, Sinsal SON Estrella Galicia na illa de San Simón (Redondela), SonRías Baixas de Bueu e Underfest de Vigo.

O obxectivo desta marca da Xunta é a promoción de Galicia como destino musical baixo criterios de calidade e sustentabilidade, de xeito que os eventos que a integran reúnen unha serie de características singulares e identificadoras como valor engadido á experiencia musical, ademais de servir de plataforma para a diversidade e a pluralidade artística.

Rompetiño Jump (8ª edición, 5 e 6 de xullo). Creado a partir dun proxecto do alumnado do IES Porto do Son, combina música urbana con exhibicións deportivas e artísticas, ofrecendo sesións de break dance, basket 3x3, BMX e skate, entre outras propostas. No seu cartel figuraron artistas como La Zowi, Kaydy Cain, Jarfaiter, Kaze ou Al Safir.

Festival Sinsal Son Estrella Galicia (20ª edición, do 26 ao 28 de xullo). Celébrase na illa de San Simón, en Redondela, sempre cun cartel sorpresa. En 2024 foron 26 artistas e bandas procedentes de 15 países entre os que figuraron Isius Band, Sayadj, Mohammad Mortazavi, Aunty Rayzor, La Pili, Maria Reis ou Afro Rack. Unha vez máis, á música sumouse unha programación paralela con experiencias gastronómicas, divulgativas e lúdicas.

17º Ribeira Sacra Festival (8ª edición, do 26 ao 28 de xullo). Acolleu concertos de 14 artistas en enclaves naturais e patrimoniais de diferentes concellos. No escenario FEST Galicia actuaron algúns dos cabezas de cartel, como Morcheeba, Queralt Lahoz, Say Yes Dog e Glassio, xunto ás propostas galegas de Faneka e de Carlangas y Los Cubatas. Ofreceu tamén experiencias gastronómicas, culturais, paisaxísticas e etnográficas vencelladas á idiosincrasia da Ribeira Sacra.

SonRías Baixas (21ª edición, do 1 ao 3 de agosto). Organizado en Bueu, xuntou máis de 25 artistas e bandas en dous escenarios. Nun ambiente que combina música, praia e gastronomía, actuaron entre outros La Oreja de Van Gogh, Álvaro de Luna e La La Love You, Rozalén, Chef´s Special, Ginebras ou Rayden. Cómpre sinalar a ampla representación da música galega con nomes como Fillas de Cassandra, Tanxugueiras, Mondra, Sabela, Grande Amore ou The Rapants.

Underfest SON Estrella Galicia (7ª edición, do 13 ao 20 de setembro). Volveu converter Vigo nun grande escenario ao distribuír os concertos de 20 artistas en diferentes recintos. O cartel combinou nomes consagrados como Richard Hawley, Ash, Gigolo Aunts e El Mató a un Policía Motorizado con novos talentos como La Cendejas, La Milagrosa ou Sistema de Entretenimiento. Tamén formaron parte da carteleira galega Sanny e Santi Araújo.

No caso da convocatoria anual de subvencións para festivais de música organizados de xeito profesional, os adxudicatarios foron o FIV de Vilalba, The Wild Fest de Vigo, Festival de Música Antiga e Barroca de Santiago de Compostela, Murallón de Son de Silleda, Caudal Fest de Lugo e Ribela Fest Nature de Sarria, aínda que estes dous últimos eventos renunciaron despois ás achegas consignadas.

Como novidade, estas axudas destináronse exclusivamente á contratación artística de bandas e solistas de Galicia. Deste xeito, favorecéronse 32 contratacións de 30 artistas nos catro eventos adxudicatarios finais. Con esta medida, búscase favorecer a participación da música galega en citas consideradas estratéxicas para o sector, que inciden de maneira destacada na visibilidade e promoción do talento galego e que contribúen ao desenvolvemento das industrias culturais a través da promoción dunha xestión máis profesional. Os festivais que se acolleron finalmente á medida recibiron cadanseus 10.000 euros. Trátase de:

FIV de Vilalba (17ª edición, 25 e 26 de abril). Celebrado na capital da Terra Cha, ofreceu 13 concertos cun cartel encabezado por Iván Ferreiro, Dorian, El Columpio Asesino, Veintiuno e Niña Polaca. Outros dos nomes galegos foron Grande Amore, Mondra, Señora DJ, Eme DJ e Lontreira, así como a banda de música de Vilalba. Completou a listaxe Serial Killerz.

The Wild Fest (6ª edición, do 30 de agosto ao 1 de setembro). Este coidado evento de pequeno formato incorpórase por primeira vez ás citas subvencionadas. Co parque forestal vigués de San Miguel de Oia como emprazamento, destaca o seu compromiso coas bandas galegas, que suman nove das 11 propostas con nomes como Dakidarría, Moura, A Polémica Banda dos Bechuchos ou Mad Martin Trío. O audiovisual é outro dos eixes destacados deste único evento galego dedicado en exclusiva a fitas con temática ambiental.

Festival de Música Antiga e Barroca (6ª edición, do 2 ao 16 de outubro). Organizado polo Ateneo Barroco en diferentes localizacións de Santiago de Compostela, incluíu actuacións da soprano Roberta Invernizzi, o tenor Marcello Nardis, Ars Atlántica, Concert le Phénix e Fernando Santiago, así como de El Afecto Ilustrado, Adrián Linares, Dolce Rima, Diego Ares, La Reverencia e Andrés Alberto Gómez. Houbo tamén actividades complementarias como conferencias, un club de lectura, unha proxección e improvisacións.

Murallón de Son (3ª edición, 5 e 6 de outubro). Silleda acolle este festival que flutúa entre o rock, o punk e o rap. Organizado pola asociación Festibandeira, nel púidose desfrutar de 11 concertos e sesións DJ, a maioría a cargo dos galegos Terbutalina, Rebeliom do Inframundo, Grande Amore, Brassica Rapa, Harry May e Señora DJ. A eles sumáronse os cataláns La Élite e Blowfuse. Houbo tamén sesión vermú con Chorima e Cé Orquestra Pantasma, así como xogos populares, postos de artesanía e mercado gastronómico.

Á marxe dos beneficiarios destas liñas de axuda, ao longo de 2024 celebráronse máis festivais que contaron co noso apoio:

Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso (17ª edición, do 3 ao 12 de maio). Na súa aposta de unir música con destacados espazos patrimoniais, ofreceu concertos no castelo de Castro Caldelas e no mosteiro de Santa María de Oseira, así como na Igrexa de Santo Anxo, no Liceo e no Teatro Principal de Ourense. As actuacións correron a cargo do dúo formado polo arpista Manuel Vilas e a mezzo-soprano Paulina Ceremuzynska, Diabolusin Musica, Cantoría, Música y Memes e Milos Milivojevic. A maiores impartíronse sesións para o alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.

Acento (5ª edición, 21 de xuño). A Fundación SGAE organizou un ano máis en Compostela este evento musical para conmemorar o Día Europeo da Música e reivindicar o uso do galego como lingua de

expresión artística. As actuacións correron a cargo de Carolina Rubirosa, Gargantúa, De Vacas, Carlos Ares e o DJ set de Abraham Boba.

Compostela Trad Fest (28 de xullo). O evento herdeiro do antigo Certame Folk de Santiago de Compostela enmarcouse un ano máis nas festas do Apóstolo cunha programación de obradoiros, ruadas, gastronomía, artesanía e un cartel musical con 15 actuacións de artistas e bandas galegas e internacionais, como Caamaño&Ameixeiras, Capercaillie, Costeira, Bailai Malditos en formato ruada, Os Carecos, Davide Ambrogio ou Robhen, para brindar máis de 12 horas ininterrompidas de música, baile, tradición e vangarda.

Festival de Jazz de Lugo (34ª edición, do 1 ao 17 de novembro). A Asociación Amigos do Jazz de Lugo Escobijazz organiza este encontro referente en Galicia no seu ámbito. Acolleu 23 concertos en diferentes espazos da cidade. Na programación, case a metade dos integrantes foron galegos, como Kiki Cortiñas, a Savoy Club Big Band, Charo Quicler Octeto, Pablo Sax Cuarteto e o Terra Nova Brass Ensemble, que compartiron cartel con coñecidos nomes do jazz internacional.

Algunhas outras citas do calendario musical galego que tiveron apoio para conformar as súas carteleiras foron o **Festival do Mundo Celta de Ortigueira**, o **Festival Afluente** de Ponteareas, o **Facela Fest** de Lugo, o **Valadouro Rock** de Ferreira do Valadouro ou ciclo **DJ's no Camiño.**

No que respecta a eventos relevantes para a industria musical por propoñer formatos que combinan o encontro profesional con concertos para toda a cidadanía e nos que colaboramos figuran:

MUMI. Músicas no Minho (5ª edición, do 12 ao 15 de setembro). Máis de 250 profesionais da industria musical de Galicia e Portugal déronse cita na eurocidade Tui-Valença neste evento de intercambio artístico e técnico entre ambas as beiras da raia, no que destaca a chamada Zona PRO. O mercado mostrou os novos traballos de 12 artistas e bandas galegas e portuguesas e participantes do programa Sonemerxente asistiron á feira como parte da súa formación.

SiSons Enclave Musical (4ª edición, do 16 ao 19 de outubro). MusicArte e a Asociación Cultural Tres por Cuatro impulsan este encontro profesional con multitude de eventos sobre a cultura e a música galega, ademais de concertos en diferentes espazos composteláns. O programa incluíu actuacións a cargo de 15 bandas e de diferentes artistas, a meirande parte con sede en Galicia, como Maghúa, GDjazz, As Lembranzas, La Toñi, Superglú, Berta Franklin, Espiño, Söa e Abril, esta última como participante do programa Sonemerxente.

Volvemos colaborar coa **Asociación de Amigos de la Ópera de A Coruña** para a organización da 72ª temporada lírica a través dun convenio dotado con 160.000 euros, 10.000 euros máis que no ano anterior. O eixe central desta edición foi unha homenaxe a Giacomo Puccini no centenario do seu pasamento.

A posta en escena de *La Bohème* abriu a programación con dúas representacións en setembro no Palacio da Ópera, co tenor Celso Albelo e a soprano Miren Urbieta-Vega, nos papeis protagonistas. O especial Puccini incluíu tamén unha conferencia de Irene de Juan Bernabeu e proxeccións, así como a gala de clausura do 29 de novembro, día no que se cumpriron os 100 anos do pasamento do gran compositor. A soprano asiática Hui He interpretou para a ocasión unha escolma de arias e obras orquestrais do italiano, acompañada pola Orquestra Sinfónica de Galicia.

A segunda das óperas da 72ª Temporada Lírica foi *L'elisir d'amore*, de Gaetano Donizetti. Outras das citas destacadas deste ano foron o recital de canción galega e zarzuela do barítono coruñés Javier Franco, a actuación do baixo barítono croata Marko Mimica, a estrea de *Pálido punto azul*, do compositor galego Javier Otero, e unha nova entrega dos ciclos *Novas voces galegas* e *Lírica inclusiva*.

O programa completouse con actividades infantís, presentacións de libros e unha nova edición do curso de interpretación vocal, a cargo do barítono Carlos Álvarez.

En canto á colaboración anual que temos coa **Federación Galega de Bandas de Música Populares,** en 2024 incrementamos a contía ata os 200.000 euros, para reforzar as actividades deste colectivo. Este aumento na dotación do 42% respecto a 2023 permitiu a celebración de novas actividades, como recuperar o concurso *CreaSons* e levar a cabo dous encontros das súas bandas sinfónicas, ademais de garantir a continuidade do Certame Galego de Bandas, do Concurso Galego de Composición, que acadaron cadansúa 17ª edición, e o Festival de Bandas Infantís e Xuvenís, que cumpriu a súa sétima convocatoria.

O certame celebrouse en outubro no Pazo da Cultura de Pontevedra coa participación de 15 bandas con preto dun milleiro de músicos. Así, contou cunha selección de agrupacións galegas composta por: Agrupación Musical do Rosal, Banda Escola de Música de Beade, Banda de Música Popular Airiños do Morrazo de Moaña, Unión Musical de Coruxo, Banda de Música Unión Musical de Tenorio, Banda de Música Artística de Arcade, Banda Infantil de Lalín, Banda de Música Xuvenil de Xinzo, Banda de Música Municipal de Caldas de Reis, Agrupación Músico-Cultural de Ribadumia, Banda Xuvenil da Unión Musical de Meaño e Banda-Escola da Banda Municipal da Estrada.

Xunto a elas, actuaron tres bandas de prestixio de fóra da nosa Comunidade: a Banda Filarmónica de Amares de Portugal, a Banda Infantil Maestro Lupi de Benavente e a valenciana Banda Xuvenil da Societat Artística Musical d'Alginet.

Salas de concertos

As salas de concertos xogan un papel fundamental a prol da difusión e, conscientes disto, lanzamos a segunda convocatoria bienal de subvencións da **Rede Galega de Música ao Vivo** con 400.000 euros destinados á programación 2024-2025 das salas privadas que forman parte deste circuíto autonómico. Queremos así garantir a estabilidade na oferta musical en directo, ao tempo que se impulsa a contratación de solistas e grupos galegos e a presenza de artistas femininas. Os requisitos de contratación foron



consensuados coas principais entidades representativas dos colectivos implicados: Músicas ao Vivo e Asociación Galega de Salsa de Música ao Vivo (Clubtura).

A través desta liña subvenciónase o 100% da oferta, integramente galega, dos seis espazos que integran a Rede Galega de Música ao Vivo na tempada 2024-2025: A Pousada da Galiza Imaxinaria (Boiro), Sala La Room (Ferrol) e Guión Clube (Pontedeume), na provincia da Coruña; o Club Clavicémbalo da capital lucense, na de Lugo; A Arca da Noe (Vilar de Santos), na de Ourense, e La Pecera (Vigo), na de Pontevedra. Cofinánciase ademais a programación paralela das devanditas salas. A suma dos concertos celebrados en todos estes locais foi de 132.

A maiores, ao igual que os escénicos, os espazos que acollen actuacións de música beneficiáronse da terceira convocatoria do programa de apoio extraordinario para a **modernización e xestión sostible das infraestruturas de artes escénicas e musicais**, cun orzamento 500.000 euros. Esta canle de financiamento púxose en marcha ao abeiro do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation EU para facilitar a renovación dos sistemas dixitais de iluminación, vídeo, audio e comunicación en rede, maquinaria escénica, xestión artística e produción, así como ao acondicionamento e rehabilitación dos edificios para favorecer a súa adaptación ao cambio climático.

Cúmprese así cos obxectivos de dixitalización, xestión sustentable e respecto ambiental da iniciativa, que redundan ademais na mellora das condicións de traballo do persoal técnico e artístico, así como nunha maior calidade na exhibición dos espectáculos diante do público. O detalle sobre esta convocatoria debúllase no seguinte apartado desta memoria, dedicado a accións de carácter transversal (ver páxina 103).

Outros circuítos de difusión

No eido da difusión da música cómpre sinalar o circuíto formado pola **Rede Galega de Teatros e Auditorios** (RGTA), constituída en 1996 para impulsar a distribución dos espectáculos galegos en colaboración con 42 administracións locais asociadas e un total de 43 escenarios membros. En 2024 incorporouse O Grove como novo concello membro, achegándolle a este circuíto as 500 butacas do seu Auditorio Municipal. O orzamento deste ano foi de case 2 millóns de euros, cofinanciados ao 50% coas entidades locais xestoras, para ofrecer unha programación que incluíu 559 funcións escénicas e musicais. No apartado musical, foron 41 concertos os levados a cabo por 32 artistas e grupos.

As contratacións destes espectáculos levámolas a cabo a través de ***galescena.gal***, o principal instrumento de traballo para todos os axentes que teñan relación coas nosas programacións, como compañías, grupos de música ou programadores. Trátase dunha intraweb que facilita a xestión das nosas redes de programación, de xeito que todos os trámites de inscrición, contratación e rexistro de asistencia, entre outros, se poidan facer a través desta ferramenta.

Por outra banda, a música tivo tamén protagonismo na 12ª edición do ciclo de exhibición de espectáculos **Cultura no Camiño,** xestionado a través da nosa plataforma en liña galescena.gal e co que descentralizamos a oferta cultural e dinamizamos os concellos vencellados ás diferentes rutas do Camiño de Santiago. Cun orzamento inicial que subiu ata os 250.000 euros, entre o 15 de xuño e o 31 de agosto levamos a preto de 90 localidades máis de 300 citas escénicas e musicais a cargo de 140 formacións artísticas galegas. Foron 57 os grupos de música participantes, que levaron a cabo máis de 90 concertos de moi distintos estilos.

No apoio adicional á difusión da nosa música, este ano culminamos a colaboración iniciada en 2023 na xira de despedida do grupo Leilía tras 34 anos sobre os escenarios, titulada ***Anque me vou non me vou.*** En 2024 tiveron lugar os dous últimos concertos, celebrados na Coruña e en Santiago de Compostela.

3.3 Formación e innovación

No ámbito da formación, a finais de 2024 celebramos a primeira edición do **Encontro de Música Aberta**, organizado xunto coa Fundación Paideia Galiza, co obxectivo de conectar o sector musical galego con todos os públicos mediante unha xornada centrada na formación, o debate e o *networking*.

Baixo o lema *Estamos en sintonía*, participaron na iniciativa o artista Abraham Cupeiro, co seu singular espectáculo *Resoando no pasado* e cunha clase maxistral de creación de instrumentos, e o dúo Soleado, novo grupo de fusión indie-folk formado polo guitarrista e compositor de Vetusta Morla Juanma Latorre e a cantante e compositora Ester Rodríguez, que ofreceu un *showcase* comentado. O diálogo chegou da man de Laura Iturralde, quen moderou a conversa creativa *Show Must Go On!: da teoría á práctica dos espectáculos en vivo*, xunto aos artistas Marta Verde, Teresa Tresandí e Víctor García Aka Death Whistle.
O evento ofreceu unha emisión en aberto e con público en directo do programa de Radio 3 *Hoy empieza todo*, conducido pola xornalista Irene Valiente.

O Encontro de Música Aberta nace coa finalidade de impulsar a profesionalización da actividade musical emerxente en Galicia e de promover os novos talentos do noso territorio, así como de apoiar o potencial dos e das profesionais como axentes de transformación social. Busca tamén favorecer a participación e a expresión das novas figuras do sector, mellorando os seus coñecementos profesionais e sobre a industria musical da nosa contorna, e promover as oportunidades de diálogo de artistas noveis con axentes, promotores e outros perfís profesionais relevantes da industria.

Deste xeito, unimos unha vez máis esforzos con Paideia para contribuír ao desenvolvemento e á innovación no sector da música emerxente en Galicia, despois de ter levado a cabo outras iniciativas compartidas nos últimos anos, como as dúas edicións da aceleradora de música Sonemerxente ou distintas convocatorias das Xornadas Industrias Musicais.

Seguindo con esta mesma dinámica de dinamización do sector a todos os niveis, colaboramos no **19ª Congreso Estatal de Salas de Música en Vivo**, organizado pola Asociación Estatal de Salas Privadas de Música en Directo (ACCES), que se desenvolveu en Lugo en xuño. O evento reuniu preto de 80 representantes de locais de música en directo de toda España para abordar en común temas de interese para o sector. A programación incluíu paneis e talleres sobre dixitalización, protocolos contra as violencias sexuais, seminarios sobre contratación, plans de seguridade para espazos de música en vivo e novos modelos de financiamento. Tamén se presentou un decálogo de accesibilidade para salas de concertos, entre outros asuntos.

Apoiamos a formación musical da Banda Sinfónica Galega a través da residencia artística **Efemérides 2024,** desenvolvida na Cidade da Cultura no verán coa participación de 65 músicos. As xornadas, que culminaron cun concerto conxunto, permitiron crear sinerxías e aprender da man de tres profesores de gran renome: o profesor de vento madeira Carlos Timiraos Timiraos, o profesor de vento metal Carlos Figueira Abuín, e o profesor de percusión Diego Rosal Chaves, ademais do director artístico do proxecto, David Fiuza Souto. A iniciativa contribúe á divulgación da música galega, achega aos músicos repertorio que dificilmente se interpreta nas bandas populares e potencia a Banda Sinfónica Galega como un conxunto instrumental que defende e promove os valores de todas as bandas de música populares galegas.

E volvemos formar parte da **III Xornada Profesional da Industria Musical**, organizada pola Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) en decembro en Santiago de Compostela. O encontro abordou o presente e futuro nos dereitos editoriais, a sincronización na industria musical, as posibilidades de aplicación da intelixencia artificial no sector e o Plan estratéxico da Industria Musical.

O **Grupo de Música Tradicional de Galicia**, dependente da Xunta e integrado polos mestres gaiteiros Xosé Ramón Bugliot, Carlos Taboada, Xoán Carlos Rilo, Xosé Lois Romero e Daniel Romero, continuou en 2024 a súa actividade didáctica con obradoiros sobre os instrumentos tradicionais galegos, así como con actuacións en eventos especiais para a interpretación de temas do repertorio galego máis popular, moitos deles con arranxos realizados polos propios membros da banda. O número de talleres impartidos en centros de ensino foi de 55 e neles participaron 2.228 estudantes.

3.4 Plan Estratéxico da Industria Musical

En 2024 demos un relevante paso máis no impulso á nosa música coa colaboración para a posta en marcha do primeiro **Plan Estratéxico da Industria Musical de Galicia**, da man da Asociación Galega de Empresas Musicais, que agrupa 50 firmas e profesionais das catro provincias.

A través dun convenio, formalizamos unha achega de 52.000 euros a este colectivo para o desenvolvemento de diferentes iniciativas de promoción e análise do sector durante o bienio 2024-2025, entre as que sobresae a realización desta folla de ruta en tres fases, ata xullo de 2025.

Tal e como recolle o acordo, a oportunidade e necesidade do devandito plan estratéxico fundamántanse nos datos do informe *Impacto da industria musical de Galicia: tendencias, retos e oportunidades*, realizado en 2023 por un equipo da Universidade de Santiago de Compostela e publicado en xaneiro do seguinte ano pola Asociación Galega de Empresas Musicais co noso apoio.

Este primeiro estudo económico da industria musical galega ten en conta os impactos directo, indirecto e inducido para cifrar en 227,7 millóns de euros o volume de negocio do sector e en 3.250 o número de empregos equivalentes a postos de traballo anuais a tempo completo. Os seus resultados reflicten, asemade, un efecto multiplicador de 3,38 puntos respecto ao investimento público no sector, que con 53,6 millóns de euros xera unha actividade económica de 181,6 millóns de euros, así como a súa incidencia positiva noutros ámbitos económicos como a hostalería ou o turismo.

A primeira fase do Plan Estratéxico da Industria Musical de Galicia centrouse na análise das fortalezas e debilidades, dos recursos dispoñibles e da capacidade do sector para responder ás demandas do mercado e ás expectativas sociais. É o paso previo ao deseño dun conxunto de medidas específicas e de políticas de apoio orientadas a estimular a creación, produción e distribución de contidos musicais tanto a nivel nacional como internacional.

Xa na última fase, articuláronse os correspondentes sistemas de avaliación que aseguren o seguimento dos obxectivos marcados a partir do trazado das accións máis eficaces para o seu desenvolvemento durante o período 2025-2030.

As outras accións recollidas no convenio teñen que ver coa convocatoria duns premios da industria musical galega e coa organización dunhas xornadas para fomentar a contratación de artistas e grupos da nosa Comunidade coa participación de profesionais de Galicia e do norte de Portugal.

3.5 Outras accións de internacionalización e promoción

Seguimos impulsando a expansión exterior da música galega e a potencialidade do noso talento no sector a través de citas como a **27ª Fira Mediterrània de Manresa**, un evento estratéxico de relevancia para avanzar na proxección exterior da música e a danza en Galicia. Celebrada en outubro, ao abeiro desta colaboración, a súa programación incluíu a Mondra coa súa *Folía das Ardentes* e Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre co seu novo disco *Axúdame a sentir*. Esta edición do mercado catalán centrouse no concepto das identidades disidentes dentro da música e a danza tradicional.

As formacións artísticas que acudiron a Manresa tiveron a oportunidade de presentar os seus traballos ante persoas responsables de programacións e axentes culturais de todo o mundo, co obxectivo de gañar visibilidade e pechar contratacións con empresas produtoras, festivais, circuítos e espazos relevantes do ámbito estatal e internacional. Con este obxectivo, ademais da representación artística, participaron este ano representantes de promotoras culturais galegas como Artyc Content, Culturactiva, Luneda, MusicArte, Play-Plan e Seispés.

En xuño estivemos na presentación en Madrid dunha nova temporada de **Festivales Territorio,** unha iniciativa capitaneada por 17º Ribeira Sacra Festival xunto con Esférica Rioja Alavesa, Tierra Bobal Fest, Nómade Alcusses Alforins e Festival Canari como experiencias diferenciadas e descentralizadas en conexión coa paisaxe, o patrimonio e a cultura locais. Un proxecto co que colaboramos para promover a presenza de artistas galegas nos seus carteis.

Xa de cara a 2025, en outubro participamos en Madrid nunha reunión previa do comité de selección de AIEnRuta Artistas, o circuíto nacional de distribución de música que impulsa e coordina a Sociedad de Artistas Intérpretes o Ejecutantes (AIE) xunto a distintas entidades colaboradoras públicas e privadas de todo o territorio español. Esta foi a primeira ocasión na que o Goberno galego estivo representado nesta xuntanza, preparatoria para fixar o desenvolvemento e a selección de formacións e solistas de todos os estilos musicais que integrarían o primeiro ciclo de programación de 2025.

O obxectivo da posta en común, na que tamén interviñeron, entre outros, por parte da AIE Luis Mendo e Gema Sánchez, así como o músico galego Xacobe Martínez Antelo, é poder prestarlle apoio a esta iniciativa para posibilitar a maior presenza da música galega fóra de Galicia a partir do segundo semestre de 2025 a través da ampla rede de salas de concertos que forman parte de AIEnRuta Artistas

Tamén no eido musical mantemos cada ano o noso compromiso cos seus galardóns específicos, os **Premios Martín Códax da Música**, que en 2024 chegaron á súa 11ª edición organizados pola asociación Músicas ao Vivo. A gala celebrouse no Pazo da Cultura de Pontevedra en maio, con 57 finalistas.

Recoñecéronse 15 categorías musicais nas que resultaron premiados Her Anxiety, Guadi Galego, Brais Morán & Nasaufunk, Mondra, Caamaño&Ameixeiras, Os Melidaos, Catuxa Salom, Agrupación Musical de Goián, Terbutalina, hydn, América de Vigo, Carme López, Pablo Sanmamed Trío e Benxamín Otero, Lucía

Sonemerxente II

Aldao e Uxía Lambona e a Banda Molona, e tres premios Organistrum, dirixidos a salas, festivais e espazos de comunicación musical. Estes últimos foron para A arca da Noe, de Vilar de Santos, As nosas músicas de Couso, na Estrada, e Miudiño Sessions, respectivamente. O galardón honorífico foi para Emilio Cao, e o de mellor proxecto de artista emerxente para Gloria Pavía.

Unha das principais novidades desta edición foi o cambio no proceso de votacións, que se abriu ao público xeral na segunda volta. No reconto final, estableceuse unha regra de valoración na que o 50% corresponde á votación do público e a outra metade aos votos das socias e socios de Músicas ao Vivo.

Galician Tunes

A plataforma web **galiciantunes.com** continuou a medrar en 2024, reflectindo de novo o potencial e a variedade da música galega actual e actuando como ferramenta importante para a súa promoción dentro e fóra de Galicia.

En 2024 rexistrou 49 novas incorporacións, na súa maioría artistas e grupos: Uns, Seixo, La Sombra de Justine, Álex Cassen, Mt de Monte, Montedapena, Javier Lago, Habló Pablo, Orzán, Stoned At Pompeii, Breo, Luis Álvarez, Manuel Preto, Fear Of Missing Out, Belish, Atún Blanco, Adrian Timms, Sound Sisters, Hilario Rodeiro, Doble M, Manu G. Sanz, Sofi Peries, Jazz de Laranxa, Verter Gz, Diego Mar, Leria, Xa'Lum, Youcanthide, Marián, Juan Castro, Pablo del Valle, Froján, Meu, Seitura, SeKadra, David Dealonso, Alvife, Silee, EME-SX, Guilherme Zapata, Lücïer Naga, Marimontaña, Filloas, Reue, Cita Doble, Fungo, Merlo Máxico, El Último Ciclista e Human.

Deste xeito, galiciantunes.com pechou o ano con 790 formacións artísticas con perfil propio, 3.390 vídeos, información de 2.500 discos, 28 festivais e 35 empresas. Publicáronse 80 noticias na web, das que 44 foron entrevistas dos artistas e grupos destacados en cada semana, 287 entradas en Facebook e 140 en Instagram, así como máis de 80 accións sobre listas de reprodución, YouTube ou Spotify, coa renovación constante de novidades nesta última plataforma.

4 | ACCIÓNS TRANSVERSAIS

As accións transversais, como complemento a todas as específicas que debullamos en relación a cada sector nos correspondentes apartados, volven ter como protagonistas dous eixes de acción xa ben coñecidos: a Feira das Culturas Galegas, Culturgal, e a liña de axudas para a modernización e xestión sostible das infraestruturas de artes escénicas e musicais. ■ O primeiro deles representa o apoio á cultura como punto de encontro, coa posta en marcha cada ano dun grande escenario no que conflúen institucións, axentes do sector e profesionais, que poden establecer contactos entre si e difundir o seu labor e, por suposto, o público, que ten ocasión de coñecer de primeira man a riqueza e o carácter innovador das industrias culturais. ■ O outro eixe céntrase no impulso aos espazos musicais e escénicos, como lugares de encontro co público por excelencia. Neste caso o obxectivo é ofrecer unhas condicións técnicas, de confort e accesibilidade óptimas na exhibición de espectáculos, tanto para facilitarlle ao persoal o desenvolvemento do seu labor como para proporcionarlle ao público as mellores experiencias no seu achegamento ás producións audiovisuais, escénicas ou musicais.

4.1 Culturgal

Un ano máis, a Xunta foi a principal institución patrocinadora de **Culturgal,** que en 2024 celebrou a súa 17ª edición avanzando no proxecto de dirección iniciado o ano anterior con Camilo Franco á fronte, no sentido de establecer conexións coa comunidade educativa e de incrementar a implicación activa de entidades de todo o territorio galego no evento promovido polo colectivo asociativo que integran a Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet) e Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).

A Feira das Culturas Galegas desenvolveuse do 29 de novembro ao 1 decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra cunhas 200 citas programadas entre espectáculos, presentacións, obradoiros, exposicións ou mesas redondas.

Por parte da Xunta, ademais da achega de 85.000 euros que se canaliza a través do convenio asinado entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Culturgal, organizáronse unha vintena de accións como parte do programa xeral do encontro. Estas propostas desenvolvéronse tanto no expositor institucional —que se deseñou baixo a marca *CulturON* a través dunha recreación dunha verbena popular galega— como no resto dos espazos do recinto. Entre elas, os contacontos de A Vendedora de Fume e de Vero Rilo, os espectáculos do Mago Teto, Pedro Volta e Teatro Ghazafelhos, un achegamento ao proceso creativo da proposta escénica *Ca-co-flex*, as *performances* de Kirenia Danza e de Daniel Rodríguez arredor das súas respectivas coproducións co Centro Coreográfico Galego, ou a de María Gimeno para a presentación do catálogo da exposición do Museo Centro Gaiás *Outras historias posibles*.

Na Foliada Culturgal do domingo participou o Grupo de Música Tradicional da Xunta de Galicia, houbo tres exhibicións interactivas no Espazo Videoxogos e obradoiros de xoiería e tatuaxe asociados a outras dúas exposicións da Cidade da Cultura de Galicia: *Tattoo. Arte baixo a pel* e *Unha vida viquinga*. A Xunta colaborou tamén para facer posible a actuación de Magín Blanco, que ofreceu dous pases para público escolar e familiar do seu espectáculo *A nena e o grilo, o camiño das cores*.

Culturgal 2024 foi escenario de dúas celebracións especiais, a dos 30 anos do movemento bravú a e do décimo aniversario de PuntoGal, ademais de presentar os concertos de Su Garrido Pombo, Caamaño&Ameixeiras e Pava, o proxecto musical de Lucía Aldao e de levar a cabo a estrea absoluta de *Ultranoite Cultureta*, a cargo de Grupo Chévere.

No apartado literario, destacaron os encontros co recente Premio Nacional das Letras, Manuel Rivas, e con Olga Novo, Premio Nacional de Poesía 2020. Ademais, o recinto feiral contou cun cento de postos, un espazo propio para as artes escénicas e volveu acoller diferentes mesas redondas para profesionais do sector, que desta volta abordaron temas como o xornalismo cultural ou os usos, perigos e oportunidades da intelixencia artificial.

No apartado audiovisual, foron protagonistas moitos proxectos que contaron coa subvención da Xunta para a chegada ás pantallas. Entre eles, a preestrea da longametraxe documental *Filmei paxaros voando,* producida por Sétima, ou a serie infantil *Bibopalula,* de Undodez para Televisión de Galicia.

4.2 Apoio a infraestruturas das artes escénicas e musicais

A transversalidade do noso apoio materialízase tamén en medidas de apoio económico como a liña de subvencións para a **modernización e xestión sostible das infraestruturas de artes escénicas e musicais**, cun orzamento de 500.000 euros. Esta canle de financiamento púxose en marcha ao abeiro do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation EU para facilitar a renovación dos sistemas dixitais de iluminación, vídeo, audio e comunicación en rede, maquinaria escénica, xestión artística e produción, así como ao acondicionamento e rehabilitación dos edificios para favorecer a súa adaptación ao cambio climático.

Cúmprese así cos obxectivos de dixitalización, xestión sustentable e respecto ambiental da convocatoria, que redundan ademais na mellora das condicións de traballo do persoal técnico e artístico, así como nunha maior calidade na exhibición dos espectáculos diante do público.

Coas axudas, no que se refire a espazos privados, na Coruña o Club Garufa cambiou o seu sistema de climatización e a sala Filomatic, xestionada pola empresa Accipiter Gentilis, renovou o seu material de audio. En Vigo, a Sala Ártika substituíu a iluminación actual por luces LED para mellorar a eficiencia enerxética e diminuír o seu impacto ambiental, mentres que o Teatro Ensalle creou un arquivo en liña de todas as pezas escénicas que pasaron pola sala que poderá ser usado para consultas de investigación e formación académica e profesional, ademais de constituír unha medida de conservación do patrimonio escénico.

En Lugo, a sala Clavicémbalo apostou por modernizar o sistema de audio para incorporar un bucle magnético que facilite a recepción do son ás persoas con discapacidade auditiva, e a sala de concertos Tebra, a cargo de Sons Galiza Comunicación, por acometer a renovación do seu sistema de vídeo e pantalla para a retransmisión de concertos en directo. Tamén recibiu axuda para renovar instalacións a Sala Guión de Pontedeume, xestionada por Dois SC.

Pola súa banda, as entidades públicas que recibiron esta subvención son os concellos de Ames, Corcubión, Foz, Arteixo, Muros, Ferrol, Vimianzo, Antas de Ulla, O Porriño e as entidades públicas IMCE do Concello da Coruña, e Auditorio de Galicia do Concello de Santiago de Compostela, que dedicaron as dotacións asignadas a modernizar equipamentos de son, vídeo e iluminación; a instalar tecnoloxía que garanta a accesibilidade do público con diversidade funcional; a abordar a xestión dixital da maquinaria escénica; e a mellorar a eficiencia e o aforro enerxético actuando no illamento térmico e na actualización dos sistemas de climatización e iluminación dos espazos.

5 | ANEXOS

1. Liñas de subvención

TOTAL DE PROXECTOS ADXUDICATARIOS	TOTAL DE EUROS ADXUDICADOS
430	9.665.703,03€

Audiovisual

PROXECTOS	CONTÍA
155	6.949.380,64€

Subvencións á escrita de guións audiovisuais

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
A cinco segundos	Ana Pico García	7.000 €
Viaxe ó bosque esquecido	Noelia María Muíño González	7.000 €
Damero Maldito	Clara Coira Suárez	7.000 €
Anatomía dunha onda	Pedro Díaz López	7.000 €
Cando prende a cacharela	José Carlos Illanes Puente	7.000 €
O lobo nunca pide perdón	Miguel Conde Lobato	7.000 €
Chorima	Alicia Úbeda Suárez	7.000 €
Candorca	Heber Fernández Pérez	7.000 €
El capitán	Álvaro Pinell Pacha	7.000 €
Delgada ou morta	María Barro Guntín	7.000 €
La historia entre tus piernas	Raquel Nogueira Basalo	10.000 €
Monstros	Benigno Luis López Moure	10.000 €
Guerra fría	Enrique Otero Suárez	10.000 €
Los estudios	Alba Araújo Pinto	10.000 €
Piso 13	Roberto González Méndez	10.000 €
Toda miña, a saudade	Alfonso de la Puente Vaquero	10.000 €
Febre	Héctor Carré Menéndez	10.000 €
Normal	Lidia María Fraga Siso	10.000 €
Pendiente de un hilo	Pedro Javier Corredoira Alonso	10.000 €
A nena que quería ser Fred Astaire	Olga Osorio Iglesias	10.000 €
Happy funerals	Alfonso Cortizo Vázquez	10.000 €
a7	Santiago González Iglesias	10.000 €
Amparo, pero non Olvido	Luis Millares Guerra	10.000 €
As almas perdidas	Jorge Alexandre Cancelo Parcero	10.000 €
O mozo do peito ferido	Carlos Aurelio López Piñeiro	10.000 €
Non corta o mar, senón voa	Xacio Rodríguez Baño	10.000 €
La Caja	José Morais Rodríguez	10.000 €
Corre comigo	María Consuelo Loureiro Vilarelle	10.000 €
Cocho	Jacobo García Fernández	10.000 €
Frank Soutelo, investigador privado	José María Gacino Vidal	10.000 €
30	**30**	**270.000 €**

Subvencións para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Unha cornetada para Lucrecia	Portocabo TV, S.L.	265.000,00 €
Golpear a un coloso	Recrea Films, S.L.	80.000,00 €
Mil ourelas	Tamboura Films, S.L.	280.000,00 €
A montaña na miña parede	Filmika Galaika, S.L.	80.000,00 €
As defensas	Cósmica Producións, S.L.	280.000,00 €
Alumbre	Zeitun Films, S.L.	260.000,00 €
Juliette & Camille	Indígena Films, S.L.	80.000,00 €
Só o ruído pode salvarnos	Serea Producións, S.L.	280.000,00 €
Islandia	Matriuska Producciones, S.L.	280.000,00 €
Leo & Lou	Aurora Audiovisual AIE	260.000,00 €
Adeus, Berta	Adeus Berta AIE	65.000,00 €
Bandeirantes	Filmika Galaika, S.L.	50.000,00 €
Chocó e a selva máxica	Abano Producións, S.L.	150.000,00 €
